



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CPI de Bembibre  
Rúa Socortes 18  
15873 Bembibre -Val do Dubra (A Coruña)  
Teléfono: 881 866 981  
cpi.bembibre@edu.xunta.es

# **PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO**

## **CURSOS 2020-2024**

### **CPI de BEMBIBRE (VAL DO DUBRA- A CORUÑA)**



## Contido

<b>Contido</b> .....	<b>2</b>
<b>Xustificación do proxecto</b> .....	<b>4</b>
<b>Obxecto e autoría</b> .....	<b>4</b>
<b>Marco legal</b> .....	<b>4</b>
<b>Valores</b> .....	<b>4</b>
<b>Detección de necesidades</b> .....	<b>5</b>
<b>Contexto lingüístico do centro e da entorna</b> .....	<b>5</b>
<b>Nivel de competencia en comunicación lingüística e uso das linguas do noso alumnado</b> .....	<b>6</b>
<b>Estratexias de aprendizaxe de linguas coas que conta o noso alumnado</b> .....	<b>6</b>
<b>O decreto do plurilingüismo, Xade e as linguas empregadas nas áreas e materias no centro</b> .....	<b>7</b>
<b>Plan estratéxico</b> .....	<b>8</b>
<b>Obxectivos</b> .....	<b>8</b>
<b>No centro</b> .....	<b>8</b>
<b>A curto prazo</b> .....	<b>8</b>
<b>A medio prazo</b> .....	<b>8</b>
<b>A longo prazo</b> .....	<b>9</b>
<b>En Infantil</b> .....	<b>9</b>
<b>En Primaria</b> .....	<b>10</b>
<b>A curto prazo</b> .....	<b>10</b>
<b>A medio prazo</b> .....	<b>10</b>
<b>A longo prazo</b> .....	<b>10</b>
<b>En Secundaria</b> .....	<b>11</b>
<b>A curto prazo</b> .....	<b>11</b>
<b>A medio prazo</b> .....	<b>12</b>
<b>A longo prazo</b> .....	<b>13</b>
<b>Actuacións</b> .....	<b>15</b>
<b>No centro</b> .....	<b>15</b>
<b>Emprego das linguas no centro</b> .....	<b>15</b>
<b>Dinamización e Normalización da Lingua Galega</b> .....	<b>21</b>
<b>Tratamento Integrado da Didáctica das Linguas (TIL)</b> .....	<b>23</b>
<b>Escola inclusiva e atención á diversidade</b> .....	<b>33</b>
<b>Propostas de mellora lingüística dende outros proxectos do centro</b> .....	<b>35</b>
<b>Fóra do centro</b> .....	<b>36</b>



<u><a href="#">A ENAPA, a ANPA e o CPI.....</a></u>	<u><a href="#">36</a></u>
<u><a href="#">Avaliación do proxecto.....</a></u>	<u><a href="#">36</a></u>
<u><a href="#">Bibliografía.....</a></u>	<u><a href="#">37</a></u>
<u><a href="#">ANEXO I TÁBOAS CIL DE PRIMARIA E SECUNDARIA.....</a></u>	<u><a href="#">39</a></u>
<u><a href="#">ANEXO II TÁBOAS CIL COOFICIAIS.....</a></u>	<u><a href="#">52</a></u>
<u><a href="#">ANEXO III TÁBOAS PARA A INTEGRACIÓN DIDÁCTICA DAS LINGUAS ESTRANXEIRAS.....</a></u>	<u><a href="#">88</a></u>
<u><a href="#">ANEXO IV AS SUBCOMPETENCIAS COMUNICATIVAS NOS DISTINTOS TIPOS DE TEXTO (EQUIPO TIL PAÍS VASCO).....</a></u>	<u><a href="#">109</a></u>
<u><a href="#">ANEXO V XÉNEROS TEXTUAIS (EQUIPO TIL PAÍS VASCO).....</a></u>	<u><a href="#">122</a></u>



## Xustificación do proxecto

### Obxecto e autoría

O proxecto lingüístico de centro existe dende hai décadas como parte do Proxecto Educativo de Centro, para regular de forma consensuada os usos lingüísticos comunicativos e a súa educación en todos os aspectos da vida do centro (ensino, materias, documentos, administración, actividade, etc.) co fin de mellorar o ensino.

Este documento para o CPI de Bembibre realízao, oída a comisión de coordinación pedagóxica:

Un amplo equipo de docentes de Primaria e Secundaria do CPI de Bembibre que estiveron a reflexionar sobre a competencia en comunicación lingüística dende un enfoque do Tratamento Integrado de Didáctica das Linguas.

O equipo de Dinamización e Normalización da Lingua galega no centro.

### Marco legal

O presente documento baséase na normativa vixente, tendo como principais referentes legais os que seguen:

- ☛ **Lei 3/1983, do 15 de xuño**, de Normalización Lingüística.
- ☛ **Decreto 330/2009, do 4 de xuño**, polo que se establece o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia
- ☛ **Decreto 79/2010, do 20 de maio**, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
- ☛ **Decreto 105/2014, do 4 de setembro**, polo que se establece o currículo de Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ☛ **Decreto 86/2015, do 25 de xuño**, polo que se establece o currículo de Educación Secundaria obrigatoria e do bacharelato.
- ☛ **Instrución** para a aplicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, tras os pronunciamentos das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre este tema.

### Valores

Cabe citar ás compañeiras do IES do Son, que no seu proxecto TIL (Tratamento Integrado da Didáctica das Linguas) din: “Só dende a identidade se pode valorar a pluralidade lingüística e cultural”. Esa é a base que compartimos con elas, e con tantos outros centros educativos galegos, no noso proxecto lingüístico.



Desexamos romper cunha tradición compartimentada, sobre todo en Secundaria, na que a veces os de galego loitan pola DNLG; por outra banda, os de estranxeiras procuran potenciar a posta en valor das linguas estranxeiras; e os de castelán non necesariamente integran con galego.

A nosa filosofía de base vive dunha visión plurilingüe inclusiva, na que a pluriculturalidade é riqueza e na que as identidades comunícanse sen se asoballar. Aquí, en concreto, poñer en valor todas as linguas, e atender ás linguas minorizadas, é esencial.

Este proxecto lingüístico aposta polo TIL, o TIL de verdade, o que procura:

- Mellorar a competencia en comunicación lingüística do alumnado galego.
- Dinamizar a planificación lingüística dos centros, o seu PLC (Proxecto Lingüístico de Centro).
- Promover procesos de ensino e aprendizaxe de linguas baseados no enfoque comunicativo e nas competencias clave.
- Facer máis atractiva a formación lingüística do alumnado galego.
- Non repetir conceptos teóricos no ensino de diferentes linguas e para achegarnos ao feito lingüístico usando a mesma terminoloxía.
- Desenvolver a competencia en comunicación lingüística en todas as materias do ensino obrigatorio.
- Establecer canles para a normalización da lingua galega.
- Mellorar a formación do profesorado con respecto ao plurilingüismo e valorar o enriquecemento que chega a diversidade lingüística.

## DetECCIÓN DE NECESIDADES

### 1. Contexto lingüístico do centro e da entorna

O CPI de Bembibre caracterízase por ser un centro rural no cal cursan alumnos dende o segundo ciclo de Educación Infantil ata a Educación Secundaria Obrigatoria (ambos niveis incluídos), conformando unha comunidade educativa maioritariamente galego falante, á que se incorporaron nos últimos anos alumnos procedentes do estranxeiro e doutras comunidades de España co uso doutros idiomas.

A situación xeográfica do concello implica o uso dunha variedade diatópica que se pode englobar no bloque occidental en canto a área lingüística se refire; isto implica que, por exemplo, a gheada e o seseo sexan características da fala do contorno.

O nivel socio-cultural da nosa zona aínda que cada vez se vaia elevando máis, sigue sendo medio-baixo, o que se traduce nunha variedade diastrática do galego tendente a grandes desequilibrios entre o uso falado e escrito do mesmo.

O galego é a lingua de comunicación escrita utilizada no centro. O equipo directivo emprégaa na súa relación co profesorado (reunións de claustro, consellos escolares e



outras) e tamén nas comunicacións ás familias, á administración ou outras institucións.

O galego emprégase tamén en actividades como: exposicións, festivais, actividades complementarias e extraescolares.

A maioría do claustro utiliza o galego en todos os aspectos da actividade docente: como lingua vehicular co alumnado, comunicación coas familias, reunións, claustros, etc.

Atopámonos nun Centro no que un gran número de alumnado e profesorado está implicado neste proceso normalizador, contándose entre estas persoas case a totalidade do profesorado e unha alta porcentaxe do alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria, posto que pola súa curta idade, o alumnado de Primaria é fundamentalmente receptor, aínda que estea implicado nese papel.

## **2. Nivel de competencia en comunicación lingüística e uso das linguas do noso alumnado**

A maioría do alumnado utiliza habitualmente o galego en tódolos ámbitos. As súas actitudes son favorables de cara ao emprego desta lingua, aínda que a súa competencia é maior a nivel oral que na escrita. Dende a escola inténtase suplir esta diferenza.

Con respecto á L2, cóidase en todas as etapas que teñan unha boa competencia nela. Chegan casos até cuarto de ESO nos que abundan as interferencias, e a esta idade xa den distinguir con precisión os códigos das dúas linguas. Con todo, non é preocupante, porque son poucos casos e porque o castelán está moi favorecido pola súa amplísima presenza social en Galicia e pola actitude positiva cara a súa aprendizaxe.

Nas LE, o profesorado especialista valora que, neste centro coma noutros de características de entorna diversas, ao traballa en xeral ben cando cando fai un exercicio de vocabulario, ou de gramática, ou de pronunciación.... Nembargantes, non son quen de abordar unha tarefa comunicativa aplicando todos os seus coñecementos.

## **3. Estratexias de aprendizaxe de linguas coas que conta o noso alumnado**

No ensino de todas as linguas hai unha compoñente, maior ou menor, de enfoque comunicativo e enfoque por tarefas. Estes enfoques reúnen estratexias cognitivas, meta cognitivas, afectivas e sociais que o fan óptimo para a aprendizaxe de todas as linguas, non só das estranxeiras.

Certo é que combinamos estas metodoloxías coa ensinanza directa, o que para estratexias a nivel cognitivo e meta cognitivo moitas veces resulta de utilidade.

O que procuramos, dun xeito ou doutro, é que a rapazada:

1. Converse na clase e reflexione sobre as súas prácticas.
2. Valore as interaccións, dentro e fóra da clase, coma oportunidades para mellorar



- a súa competencia comunicativa.
3. Deste xeito, vaia consolidando un vocabulario propio da vida cotiá cada vez máis extenso.
  4. Vaia desenvolvendo estratexias de lectura de textos de distintos ámbitos da vida, con diferentes intencións.
  5. Vaia aprendendo pouco a pouco a consultar en distintas fontes de información, tradicionais e tecnolóxicas.
  6. Na escrita, pense para quen e que vai escribir antes de facelo, saiba estruturar as súas ideas (cada vez máis complexas), se manexe coa puntuación (e pouco a pouco coa acentuación e o uso correcto de grafías), non repita palabras, revise os seus textos e goce léndoos en voz alta e compartíndoos.
  7. Practique e goce da socialización a diario.

#### 4. **O decreto do plurilingüismo, Xade e as linguas empregadas nas áreas e materias no centro**

Valoramos coma un atranco o decreto do plurilingüismo á hora de nos organizar na planificación sociolingüística do centro, polas limitacións que supón á hora de poder impartir máis materias en galego. A *Guía para a planificación lingüística nos centros educativos* que publicaba a Xunta en 2007 explica que en contornos galego falantes o reto segue a ser que os alumnos consoliden unha competencia plena na súa L1 e non abandonen o seu uso, sobre todo no plano oral. Tamén explícase nesta publicación que a adquisición dunha boa competencia en L2 está moi favorecida pola amplísima presenza social e pola actitude positiva cara a súa aprendizaxe.

Por outra banda, atopamos a seguintes posibilidades:

- Matemáticas Académicas e Matemáticas Aplicadas suman horas, é dicir, non se computan como simultáneas, co que se suman tantas horas de Castelán que hai moita máis variedade de materias impartidas en Galego neses cursos.
- Matemáticas ten tantas horas en 1º e 2º de ESO que, de novo, hai máis materias impartidas en galego.
- Podemos deseñar a materia de libre configuración de centro para que a lingua vehicular sexa o galego, o que colle 4º e 6º de Primaria e 1º e 2º de ESO. Con todo, isto é só unha hora.
- Se traballamos con proxectos de comunicación baseados no Tratamento Integrado/Integral (ben só con áreas/materias lingüísticas ben con combinación con áreas/materias non lingüísticas) das Linguas e establecemos como lingua vehicular do evento social relevante o galego, sumamos uso de galego a través dos distintos currículos<sup>1</sup>.

---

<sup>1</sup> Neste mesmo sentido, a lingua galega no centro é esencial, aínda que xa non nos compete neste apartado, ao estarmos falando das materias e dos seus currículos.



## **Plan estratéxico**

### **Obxectivos**

#### **1. No centro**

##### **1.1. A curto prazo**

1. Diseñar unha materia de libre configuración de centro en Primaria e Secundaria, dada a actual situación de pandemia mundial, con cese das clases presenciais, que reforce as instrumentais. Chamarase 'Reforzo de Instrumentais'. A lingua vehicular será o galego, aínda que unha das linguas obxecto de estudo sexa o castelán. Traballarase en formato obradoiro e haberá un reparto trimestral equitativo de Matemáticas e linguas cooficiais. No caso da integración de aprendizaxes de cooficiais, será de especial utilidade seguir as conclusións do apartado TIL deste proxecto.
2. Botar adiante un proxecto de comunicación TIL a nivel centro. Hai varias propostas, unha de centro eo outras interetapa:
  - (a) A nivel centro, un proxecto sobre os Maíos.
  - (b) Con 5º de EP e 1º de ESO, a partir do segundo trimestre, pódese lanzar un pequeno proxecto comunicativo con todas as linguas arredor do tema da familia e das linguas que se falan nas familias.
  - (c) Con 6º de EP e 2º de ESO, pódese lanzar outro pequeno proxecto con todas as linguas que trate do contorno do alumnado e das linguas que nel se falan.
1. Estimular a creación literaria do alumnado no noso idioma.
2. Crear situacións, dentro e fóra da aula, para a potenciación da oralidade na comunicación e no estudo en galego.
3. Fomentar o uso das TAC empregando o galego.
4. Promover a lectura, fala, comprensión e escritura na lingua propia da nosa Comunidade.
5. Promover o achado de información a través de internet en canles que utilicen o galego.

##### **1.2. A medio prazo<sup>2</sup>**

1. Estimular ao profesorado cara á consecución dos obxectivos primordiais da normalización lingüística.
2. Fomentar actitudes positivas cara a lingua galega entre os profesionais do centro.
3. Animar ao profesorado a servir de modelo lingüístico perante os seus alumnos/as na correcta pronunciación das palabras evitando interferencias con outras linguas.
4. Fomentar no alumnado o interese pola cultura galega e pola nosa historia.
5. Posibilitar a competencia efectiva nas dúas linguas oficiais, para o cal é preciso

---

<sup>2</sup> En gran medida, tomado do PLC do IES de Pobra de Caramiñal, con pequenas adaptacións.





incrementar progresivamente a presenza da minorizada nas diferentes áreas curriculares e, en xeral, na vida do Centro e máis afrontar os prexuízos lingüísticos.

6. Asegurar o desenvolvemento competencial en galego do alumnado co requirimento do seu emprego nas materias impartidas en lingua galega, tanto nas manifestacions orais como nas escritas.
7. Reforzar a educación plurilingüe desde o desenvolvemento pleno da lingua galega para posibilitar o dominio doutras linguas non ambientais.
8. Facilitarlle ao alumnado unha oferta educativa que lle axude a percibir o galego como unha lingua útil socialmente.
9. Facilitar a integración sociolingüística e escolar do alumnado doutras comunidades ou doutros Estados con nulo ou insuficiente dominio de unha das linguas oficiais ou das dúas.
10. Fomentar a aprendizaxe de todas as linguas presentes no currículo, e a achega a outras que non o están, por medio de proxectos de comunicación plurilingües, dentro de cada etapa e tamén con proxectos que impliquen ás tres etapas do CPI.
11. Continuar coa mellora na coordinación dos diferentes Departamentos didácticos, especialmente os de linguas, coa finalidade de partillar e consensuar criterios metodolóxicos básicos de actuación para o desenvolvemento da competencia comunicativa.
12. Desenvolver estratexias comúns para un ensino integrado que potencie a transferencia entre as linguas, a oralidade, a comprensión e o proceso da escrita.

### 1.3. **A longo prazo**

13. Ter cambiado a nosa metodoloxía en proxectos de comunicación TIL a nivel centro.
14. Ter un alumnado galego falante cun nivel óptimo en lingua oral e escrita, competente a nivel de dominio operativo eficaz, se non de mestría, na L2 e no umbral de independencia nas LE.
15. Ter favorecido a boa convivencia no centro e na comunidade educativa.
16. Ter unha comunidade educativa aberta á diversidade cultural e á pluriculturalidade.
17. Ter achegado á comunidade educativa unha visión positiva de ser galego falantes e de dominar varias linguas.
18. Ser una escola inclusiva.

## 2. **En Infantil**

Atendendo ó Decreto 79/2010 do 20 de maio, e o Decreto 330/09 do 4 de xuño, xa citados anteriormente, na Educación Infantil o profesorado usará na aula a lingua materna predominante entre o alumnado, e deberá ter en conta a lingua do contorno e coidará de que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia, dentro dos límites propios que corresponden a etapa o ciclo.

Nesta etapa, o alumnado atenderase de xeito individualizado tendo en conta a súa lingua materna.

Así mesmo, dado o carácter globalizado da Educación Infantil, traballaremos e fomentaremos o uso das dúas linguas a través das distintas áreas e bloques de



desenvolvemento.

### 3. **En Primaria**

#### 3.1. **A curto prazo**

-Artellar tarefas ou proxectos trimestrais dende as distintas áreas lingüísticas que partan, ben dunha pregunta/reto de temática sociolingüística inclusiva común, ben dunha conmemoración que se celebre no centro. Os proxectos sempre implicarán unha aprendizaxe sociolingüística de posta en valor da diversidade cultural e lingüística, e de posta en valor das linguas minorizadas. Terán preferencia os deseños que se relacionen co contorno do alumnado.

-Facer un documento a modo de táboa/esquema en galego sobre os elementos básicos na iniciación á Lectoescritura para Primaria.

-Elaborar un documento de didáctica das linguas comparada entre titorías e, parcialmente, cos especialistas de LE., para establecer transferencias positivas entre as linguas que estudan os nosos alumnos

#### 3.2. **A medio prazo**

- Crear as mesmas instrucións en galego e castelán sobre:
  - Escribir normas, un cartel, unha invitación, unha mensaxe, unha nota, instrucións simples, normas de hixiene, historias fantásticas, contar una excursión, diario persoal, pequenos diálogos, etc.
  - Describir un lugar, un obxecto, un personaxe, animais, describirse a sí mesmo, unha escena, etc.
  - Como se fai algo, unha visita, unha noticia, narrar en primeira persoa, seguir unha orde cronolóxica, inventar o inicio ou final dun texto, empregar oracións curtas, introducir comentarios persoais, etc.
- Elaborar unha táboa con Secundaria sobre os aspectos lingüísticos básicos en textos descritivos, narrativos, dialogados, expositivos e argumentativos.

#### 3.3. **A longo prazo**

- Ter baseada a ensinanza de linguas no seu uso social e nun enfoque comunicativo.
- Ensinar linguas dende as áreas/materias non lingüísticas.
- Ter todos e todas actitudes positivas cara ás linguas e os falantes, vendo o



plurilingüismo non coma un problema, senón coma unha oportunidade para o noso alumnado, que se apoia na lingua materna, o galego, para aprender linguas.

- Realizar con fluidez proxectos de comunicación significativos, que fagan do texto, clasificado en diferentes tipos e xéneros textuais, a unidade comunicativa fundamental e que estruturen a aprendizaxe en secuencias didácticas orientadas ao logro dunha tarefa comunicativa concreta.
- Realizar proxectos de comunicación xa non só integrados, senón integrais, é dicir, que incorporen temáticas de áreas tamén non lingüísticas.
- Contemplan con normalidade e fluidez nos proxectos a mediación das tecnoloxías da aprendizaxe e do coñecemento no seu desenvolvemento.

## **4. En Secundaria**

### **4.1. A curto prazo**

- Nas efemérides do centro, todas as linguas sacarán una iniciativa que vaia en consoancia cos valores deste PLC. Desta maneira, cada profesora/profesor e cada alumna/alumno pode participar desde o nivel no que se encontra en cada lingua.
- Cada trimestre poderíamos comezar cun reto/pregunta sobre sociolingüística. Dentro da sociolingüística, intentaríamos tanto en cooficiais coma en estranxeiras que as preguntas conflúan arredor dalgún tema, sobre o que se poderá sacar producións textuais diversas. Ao comezar o trimestre coa sociolingüística, o que facemos sempre é facer fincapé nun enfoque plurilingüe inclusivo, sen esquecer nunca a presenza das linguas minorizadas no mundo. Adiantamos dúas propostas, á parte das interetapa anteriormente mencionadas:
  - En 3º de ESO os temas sociolingüísticos irán variando, segundo xurda, mais sacaremos produtos relacionados coa poesía, coa biografía e co xénero epistolar. A poder ser, xa se aproveitará unha efeméride que cadre no trimestre correspondente.
  - En 4º os temas sociolingüísticos irán variando, segundo xurda, mais sacaremos bastantes textos relacionados coa publicidade. A poder ser, xa se aproveitará unha efeméride que cadre no trimestre correspondente.
- -Elaborar un documento de didáctica das linguas comparada entre cooficiais e, parcialmente, cos especialistas de LE., para establecer transferencias positivas entre as linguas que estudan os nosos alumnos.
  - Modalidades oracionais: 1º e 2º, oración simple; 3º e 4º, compostas.
  - Categorías gramaticais.
  - En canto ás cuestións básicas de léxico e semántica teríamos que concretar máis para analizar as coincidencias, ao igual que nas frases.
  - Podemos traballar coa oración simple e con algúns tipos de oracións



compostas.

- Perífrases verbais.

- Dentro do currículo das linguas cooficiais, para Lingua e Sociedade podemos integrar o seguinte por niveis:
  - En 1º,
    1. A lingua na familia.
    2. A variedade diastrática da lingua (e introdución á diatópica).
  - En 2º,
    1. A lingua no contorno.
    2. A variedade diafásica da lingua (e repaso da diatópica).
  - En 3º,
    1. As linguas de España, impartido dende Lingua castelá,
    2. con repaso da variedade diatópica.
  - En 4º,
    1. Situación lingüística en Galicia, impartido dende Lingua galega.
    2. e repaso a todas as variedades da lingua, en Castelán.
    3. En ambas linguas: prácticas nas que usen varios rexistros.
    4. A lusofonía, en Galego
    5. Conectar os procesos de formación da lingua coa materia de Latín, a través de campos semánticos, latinismos e derivación.

## **4.2. A medio prazo**

- Para Funcionamento da Lingua, nas cooficiais:
  - En 1º e 2º de ESO podemos integrar:
    1. Modalidades oracionais
    2. Formación de palabras
    3. Categorias gramaticais
    4. Cuestións básicas de léxico e semántica
    5. As frases
  - En 3º e 4º:
    1. Activa/pasiva
    2. Oración simple
    3. Ampliar a oración simple
    4. Na formación de palabras, centrarse nos derivativos grecolatinos
    5. Perífrases
- En 2º de ESO, en cooficiais, facer un documento guía en común para o comentario de texto literario.
- En Oral máis Escrita, nas cooficiais podemos fixarnos máis nas seguintes producións textuais de xeito integrado e por niveis:
  - En 1º e 2º de ESO, noticias.



- En 3º e 4º, debates e coloquios.
- En 3º e 4º, todos os xéneros xornalísticos de información fronte aos de opinión.
- E en 4º a publicidade.
- En Literatura, en cooficiais, integramos materiais e partillamos actividades para:
  - En 1º e 2º de ESO, de xeito moi guiado:
    1. Que distingan o literario do non literario.
    2. Que se manexen nos tres xéneros literarios básicos.
    3. Que se expresen con creatividade a través da narrativa breve, do cómic e das cancións.
  - En 3º e 4º:
    1. Ensaio.
    2. Os tópicos literarios relacionados cos distintos medios de comunicación.
    3. O comentario de texto literario.
    4. Dar especial importancia á lectura libre.

Será pouco rentábel ir á par en 3º e 4º coa Historia da Literatura, mais haberá materiais que se poden pór en común, relacionados co anteriormente citado para integrar en 3º e 4º.

- En linguas estranxeiras, aproveitar as instrucións creadas en Primaria, adaptándoas, mais de xeito que se vexa facilmente una clara conexión, sobre:
  - Escribir normas, un cartel, unha invitación, unha mensaxe, unha nota, instrucións simples, normas de hixiene, historias fantásticas, contar una excursión, diario persoal, pequenos diálogos, etc.
  - Describir un lugar, un obxecto, un personaxe, animais, describirse a sí mesmo, unha escena, etc.
  - Como se fai algo, unha visita, unha noticia, narrar en primeira persoa, seguir unha orde cronolóxica, inventar o inicio ou final dun texto, empregar oracións curtas, introducir comentarios persoais, etc.
- Elaborar unha táboa con Primaria sobre os aspectos lingüísticos básicos en textos descritivos, narrativos, dialogados, expositivos e argumentativos. Poderíamos comezar usando o xa feito polo equipo TIL vasco (VID. ANEXO IV).

### 4.3. A longo prazo

- Ter baseada a ensinanza de linguas no seu uso social e nun enfoque comunicativo.
- Ensinar linguas dende as áreas/materias non lingüísticas.
- Ter todos e todas actitudes positivas cara ás linguas e os falantes, vendo o plurilingüismo non coma un problema, senón coma unha oportunidade para o



- noso alumnado, que se apoia na lingua materna, o galego, para aprender linguas.
- Realizar con fluidez proxectos de comunicación significativos, que fagan do texto, clasificado en diferentes tipos e xéneros textuais, a unidade comunicativa fundamental e que estruturen a aprendizaxe en secuencias didácticas orientadas ao logro dunha tarefa comunicativa concreta.
  - Realizar proxectos de comunicación xa non só integrados, senón integrais, é dicir, que incorporen temáticas de áreas tamén non lingüísticas.
  - Contemplar con normalidade e fluidez nos proxectos a mediación das tecnoloxías da aprendizaxe e do coñecemento no seu desenvolvemento.

**Actuacións****1. No centro****1.1. Emprego das linguas no centro**

**Educación Infantil:** mantívose a lingua materna na que xa o grupo de alumnos/as comezou a súa escolaridade, neste caso o galego (é a lingua materna e de socialización predominante), introducindo o castelán progresivamente na aula, a través de recursos, actividades, medios audiovisuais...

**Educación Primaria:**

GALEGO		CASTELÁ	
1º CURSO			
Lingua Galega e Literatura	4	Lingua Castelá e Literatura	4
Ed. Física	2	Plástica	1
CC. Naturais	2	Matemáticas	5
CC. Sociais	3	Valores sociais e cívicos	1
Relixión	1	Música	1
TOTAL HORAS	12	TOTAL HORAS	12
2º CURSO			
Lingua Galega e Literatura	4	Lingua Castelá e Literatura	4
Ed. Física	2	Música	1
Plástica	1	Matemáticas	5
CC. Sociais	2	Valores sociais e cívicos	2
CC. Naturais	2		
Relixión	2		
TOTAL HORAS	13	TOTAL HORAS	



GALEGO		CASTELÁ	
3º CURSO			
Lingua Galega e Literatura	4	Lingua Castelá e Literatura	4
CC. Naturais	2	Música	1
CC. Sociais	3	Matemáticas	4
Relixión	1	Plástica	1
Ed. Física	2	Valores sociais e cívicos	1
TOTAL HORAS	12	TOTAL HORAS	11
4º CURSO			
Lingua Galega e Literatura	4	Lingua Castelá e Literatura	4
Ed. Física	2	Música	1
CC. Naturais	2	Matemáticas	4
CC. Sociais	2	Plástica	1
Relixión	1	Valores sociais e cívicos	1
TOTAL HORAS	11	TOTAL HORAS	11





GALEGO		CASTELÁ	
5º CURSO			
Lingua Galega e Literatura	4	Lingua Castelá e Literatura	4
Ed. Física	2	Plástica	1
CC. Naturais	2	Matemáticas	5
CC. Sociais	2	Música	1
Relixión	1		
Valores cívicos	1		
TOTAL HORAS	12	TOTAL HORAS	11
6º CURSO			
Lingua Galega e Literatura	3	Lingua Castelá e Literatura	3
Ed. Física	2	Música	1
CC. Naturais	2	Matemáticas	5
CC. Sociais	3	Valores sociais e cívicos	1
Relixión	1	Plástica	1
TOTAL HORAS	11	TOTAL HORAS	11

**Educación Secundaria:****1º ESO**

GALEGO	Nº de horas	CASTELÁN	Nº de horas
Lingua Galega	4	Lingua Castelá	4
BiXe	4	Ed. Física	2
Xe HI	3	EPV	2
Relixión	1	Matemáticas	5
Valores éticos	1		
	13		13

**2º ESO**

GALEGO	Nº horas	CASTELÁN	Nº horas
Lingua Galega	3	Lingua Castelá	3
Xe His	3	Matemáticas	5
Música	2	Tecnoloxía	3
Ed Física	2	Fís. Quím.	3
Relixión	1		
Valores Éticos	1		
	12		14



3º ESO

GALEGO	Nº horas	CASTELÁN	Nº horas
Lingua Galega	3	Lingua Castelá	3
Música	2	Fís Quím	2
Bi Xe	2	Tecnoloxía	2
Xe Hi	3	Mat emáticas	8
EF	2	EPV	2
Cu Ca	2		
Relixion	1		
Valores éticos	1		
	16		17



4ºESO

GALEGO	Nº horas	CASTELÁN	Nº horas
Lingua Galega	3	Lingua Castelá	3
Xe Hi	3	Matemáticas	8
Bi Xe	3	Fís Quím	3
Música	3	Tecnoloxía	3
Artes escénicas	3	Latín	3
Relixión	1	EPV	3
In. Act. Emp.	3	CAAP	3
Economía	3		
TIC	3		
EF	2		
	27		26



## 1.2. **Dinamización e Normalización da Lingua Galega**

### **Obxectivos referentes ao profesorado:**

- Estimular ao profesorado cara á consecución dos obxectivos primordiais da normalización lingüística.
- Fomentar actitudes positivas cara a lingua galega entre os profesionais do centro.
- Animar ao profesorado a servir de modelo lingüístico perante os seus alumnos/as na correcta pronunciación das palabras evitando interferencias con outras linguas.
- Participar activamente en proxectos de comunicación TIL, nos que o galego será a lingua vehicular do produto final no evento social relevante, á parte do traballo a través de produtos parciais, e nos que a cultura e a lingua galega se poñan en valor.

### **Obxectivos referentes ao alumnado:**

- Fomentar no alumnado o interese pola cultura galega e pola nosa historia.
- Estimular a creación literaria do alumnado no noso idioma.
- Crear situacións, dentro e fóra da aula, para a potenciación da oralidade na comunicación e no estudo en galego.
- Fomentar o uso das TAC empregando o galego.
- Promover a lectura, fala, comprensión e escritura na lingua propia da nosa Comunidade.
- Promover o achado de información a través de internet en canles que utilicen o galego.
- Poñer o galego en valor en relación con outras linguas e culturas, fomentando unha visión plurilingüe e pluricultural.

### **Obxectivos referentes ao centro:**

- Potenciar a valoración positiva do uso do idioma galego por parte de todos os membros da comunidade educativa.
- Utilizar a lingua galega en diferentes situacións comunicativas, mostrando interese por expresarse con claridade e usando un léxico axeitado á idade do comunicador.
- Proporcionar información ao profesorado sobre a normativa que regula o uso da lingua, e os cambios das normas do galego.
- Implicar a toda a comunidade educativa nas actividades internas do centro que favorezan a normalización e dinamización.



- Fomentar o emprego do galego nas actividades extraescolares do centro.
- Recompilar material informático que axude ao profesorado a traballar en galego.
- Fomentar a interacción coa sociedade do contorno onde a presenza da lingua estea moi vixente (visitas, charlas, excursións..).
- Empregar o galego na xestión administrativa do centro (documentación dos órganos de goberno e das diferentes coordinacións, comunicacións ao profesorado, notas informativas, documentación enviada á administración, pais, carteis informativos, etc...).
- Ter contacto con aqueles colectivos e institucións que loiten pola defensa da lingua, deixando a porta aberta á elaboración de campañas e materiais de forma conxunta.
- Colaborar con outras entidades e institucións na realización de actividades conxuntas: Coordinadora de Equipos de NDL de Santiago.
- Celebrar actividades para a recuperación de festas e tradicións da nosa cultura ( Samaín, Nadal, Entroido, Letras Galegas...)
- Promover o coñecemento da contorna inmediata: características do medio natural, historia, arte, xeografía...
- Proporcionarlles información ás familias en galego, tanto de forma oral coma escrita.
- Colaborar coas actividades propostas desde o Concello: saídas, concursos, concertos, obradoiros.
- Adquirir material didáctico en galego destinado a fomentar o uso do galego nas diferentes áreas.
- Adquirir material bibliográfico de lectura e consulta en galego.
- Promover a expresión escrita no idioma, por medio de convocatorias diversas.
- Facilitar a asistencia ao colexio de ilustradores, escritores, contacontos, grupos teatrais e de música tradicional, ou persoeiros relevantes da escea pública, que promovan a lingua e cultura galegas.

### **ACTIVIDADES PARA A DINAMIZACIÓN DA LÍNGUA GALEGA**

Para a consecución dos obxectivos propostos, levaranse a cabo unha serie de actividades en galego, poñendo empeño na actitude dinamizadora cara o profesorado, o alumnado e a comunidade educativa en xeral.

#### **Profesorado.**

1. Garantir que o profesorado de tódalas etapas poida traballar sen dificultade en galego, independentemente de cal sexa a súa lingua habitual, ofrecéndolles materiais abundantes con que traballar. Sobre todo e na medida do posible, relacionados cos obxectivos marcados a curto e medio prazo no presente PLC.
2. Procurar que os docentes -especialmente o profesor- titor en infantil e primaria, debido ó grande número de horas que convive co alumnado e o seu papel de



modelo para os alumnos-, utilicen o galego como lingua habitual de aprendizaxe e de interacción, evitando así a transmisión de prexuízos aos nenos e nenas, agás nas materias en que debe falar castelán.

### Alumnado.

1. Favorecer o uso da lingua escrita e da oralidade en tódolos contextos e situacións, para conseguir o dominio das catro competencias básicas.
2. Fomentar o uso da lingua nas actividades relacionadas fóra do noso contorno habitual (visitas a museos, teatro, empresas de distinto tipo...) e naquelas máis atractivas para eles, especialmente as relacionadas coas novas tecnoloxías, creando a conciencia de que tódalas linguas son útiles e poden ser un vehículo para calquera actividade.
3. Realización de investigacións sobre historia, lendas, patrimonio etnográfico da nosa contorna.
4. Promover pequenos roteiros de sendeirismo por lugares próximos ao centro.
5. Promover a visita ao centro de escritores galegos, de ilustradores e contacontos sempre en coordinación co equipo das bibliotecas de primaria e secundaria do centro.
6. Integrar o escaso alumnado inmigrante, con actividades de reforzo educativas e fomentando a súa socialización noutras actividades. Trátase de que consideren o noso idioma unha mostra da diversidade lingüística e cultural, e de que entendan como unha vantaxe, nunca como un problema, o feito de posuír varias linguas.

### Familias e contorno.

1. Reforzar a presenza do galego en tódalas as actividades en que estean implicadas as familias ou sexan visibles para elas, como as organizadas pola ANPA e o Concello, o comedor escolar, festas de fin de trimestre, potenciando a súa colaboración nelas.

## 1.3. Tratamento Integrado da Didáctica das Linguas (TIL)

### INTRODUCCIÓN<sup>3</sup>

Hai tres ideas que subxacen e sustentan esta proposta, son tres conceptos de grande importancia e interese no ámbito da didáctica das linguas:

- O concepto de competencia e, en particular, de **competencia en comunicación lingüística**.

- O **Marco Común de Referencia Europeo** para as linguas.

- O proceso de **normalización** e dinamización lingüística en Galicia.

<sup>3</sup> Tomado case integramente do texto difundido polo CAFI en 2015 'Marco conceptual básico. Tratamento Integrado de Linguas (TIL)'.



O Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCERL, 2001), único documento de referencia que compartimos en Europa a día de hoxe en relación ao ensino-aprendizaxe de linguas, define a competencia plurilingüe e pluricultural:

*A competencia plurilingüe e multicultural fai referencia á capacidade de utilizar as linguas para fins comunicativos e de participar nunha relación intercultural na que unha persoa, en canto axente social, domina – con distinto grao – varias linguas e posúe experiencia de varias culturas. Isto non se contempla como a xustaposición ou superposición de competencias diferenciadas, senón como a existencia dunha competencia complexa, ou mesmo composta, que o usuario/a pode utilizar.*

*(Consello de Europa, 2003, p. 183)*

É no marco desta competencia plurilingüe e multicultural onde se sitúa esta proposta.

Trátase, logo, de traballar máis aló dunha visión tradicional do ensino e aprendizaxe das linguas (no noso caso: lingua galega, lingua castelá e tamén linguas estranxeiras).

Trátase de superar iniciativas departamentais, moitas veces independentes e de incitar **procesos de colaboración, de abordar o tratamento das linguas de xeito integrado, no eido dun ensino inspirado nas competencias clave.**

Existen varios referentes teóricos que avalan esta proposta, como o concepto de **Competencia subxacente común**, tirado dos traballos de J. Cummins nos anos 80, e de ampla aceptación na actualidade, que ademais inspiran as propostas do Marco.

Como o seu nome indica, esta competencia permite que calquera persoa asuma con facilidade habilidades, relacionadas coas estratexias comunicativas, que aplica a todas as linguas que aprende ou ás que está exposta. Así tamén, o plurilingüismo implica o aumento de posibilidades de desenvolvemento de todas as competencias, non só a de comunicación lingüística, e sobre todo o desenvolvemento da competencia de aprender a aprender.

Galicia é unha comunidade especialmente indicada para innovar neste eido. Contamos –do mesmo xeito que outras comunidades do Estado– con dúas linguas cooficiais, así como linguas estranxeiras nos estudos non universitarios e un número crecente de linguas maternas diferentes no alumnado de diversa procedencia. Esta é riqueza lingüística precisa de iniciativas axeitadas que se deben organizar nun **marco específico, o Proxecto lingüístico de cada centro.**

O novo marco competencial europeo dende 2018 establece que todas as linguas traballan o plurilingüismo, inclusivo, dende a sociolingüística. Nembargantes, seguimos a asistir decote a un ensino das linguas esencialmente compartimentado, que non propicia a **competencia plurilingüe**, senón máis ben unha múltiple competencia monolingüe. Propicia, así mesmo, o descoñecemento do traballo que desenvolve outro profesorado de linguas, o que dá lugar a repeticións, redundancias, superposicións e mesmo confusións no alumnado. Esta forma de traballar pode revertirse para evitar a repetición de contidos ou actividades e ir cara ao aproveitamento do labor dos compañeiros e compañeiras na busca dunha colaboración máis enriquecedora para o alumnado. Máis aló de repartirse o horario, a cuestión é **integrar o tratamento, coordinarnos e compartir obxectivos, contidos, criterios de avaliación e – esencialmente – a metodoloxía no traballo das linguas.**





Iniciar procesos de integración da didáctica das linguas supón asumir algún concepto clave:

- A ensinanza das linguas debe basearse no seu **uso social e nun enfoque comunicativo**. O contexto ideal para este enfoque son os proxectos interdisciplinares que impliquen prácticas comunicativas (escoitar, falar, ler e escribir sobre algo) en contextos diversos e con diversas finalidades.

- Ensinar linguas **non é tarefa exclusiva do profesorado das áreas lingüísticas**. Por exemplo, quen mellor que o profesorado de matemáticas para ofrecerlle ao alumnado estratexias para a comprensión de problemas desta área, xa que se trata dun tipo de texto moi específico.

- A aprendizaxe das linguas depende do desenvolvemento de **actitudes positivas cara ás linguas e os falantes**. A realidade plurilingüe dos nosos centros non é un problema, é unha oportunidade.

- A aprendizaxe das linguas medra apoiándose na lingua materna. **A cerna do plurilingüismo do noso alumnado é a nosa lingua: a lingua galega**. Todo o profesorado debe valorar e respectar cada un dos sistemas de comunicación que están presentes no centro e non lle transmitir prexuízos ao alumnado. Cantas máis linguas dominemos mellor.

Tendo coma base estas claves poderase compartir o deseño de **proxectos de comunicación significativos**, que fagan do texto, clasificado en diferentes tipos e xéneros textuais (*VID. ANEXO V*), a unidade comunicativa fundamental e que estructuren a aprendizaxe en secuencias didácticas orientadas ao logro dunha tarefa comunicativa concreta. Estas iniciativas resultarán máis interesantes na medida que incorporen **temáticas de áreas tamén non lingüísticas** (o que en País Vasco chaman Tratamento Integral de Linguas) e, por suposto, que contemplan a mediación das **tecnoloxías da aprendizaxe e do coñecemento (TAC)** no seu desenvolvemento.

## MEDIDAS

A continuación, concretaranse as medidas que se decidiron levar a cabo no marco dun Plan de Formación Permanente do Profesorado (PFPP), iniciado no centro en 2019, que tiña a misión de botar adiante acción TIL, tal e como marca o noso marco legal e tal como nos indicou Inspección Educativa que tiñamos que facer. Estas medidas deberán ser recollidas nas programacións didácticas e serán vinculantes para todo o profesorado de linguas do centro.

A día de hoxe, centrámonos máis no tratamento integrado, entre as linguas, e non tanto no integral, é dicir, con colaboración de departamentos non especialistas en linguas. Con todo, somos conscientes de que o máis efectivo para as aprendizaxes do noso alumnado será o tratamento integral.

Tras estudar os nosos currículos máis os currículos de País Vasco e Cataluña, chegamos á conclusión de que para ser capaces de nos atopar didácticamente, tiñamos que reconfigurar parcialmente os bloques de criterios de avaliación.

Nesta reconfiguración, foi especialmente significativa una decisión: visibilizar en todas as linguas as nosas didácticas relacionadas coa sociolingüística, nun bloque de 'Lingua e sociedade'. A razón é que é o modo de romper cunha tradición compartimentada, sobre todo en Secundaria, na que a veces os de galego loitan pola DNLG; por outra banda, os



de estranxeiras procuran potenciar a posta en valor das linguas estranxeiras; e os de castelán non necesariamente integran con galego. Partindo dun bloque de Lingua e sociedade común, poñemos boa base para un plurilingüismo realmente inclusivo.

Así, os bloques cos que traballamos todas as linguas, tanto en Primaria coma en Secundaria, son:

1. LINGUA E SOCIEDADE
2. COMUNICACIÓN ORAL
3. COMUNICACIÓN ESCRITA
4. FUNCIONAMENTO DA LINGUA
5. EDUCACIÓN LITERARIA

Por outra banda, gustaríanos destacar, entre sendos erros que atopamos no noso currículo (algúns que non son nin de entrar en gustos ou valores, senón simples e claros erros), o seguinte: en Secundaria, tanto a introducción en cada una das linguas coma nos criterios e estándares, fábase de proxectos comunicativos plurilingües. En cambio, en Primaria fábase nas introducións disto, dándolle, claro, a importancia debida ao galego e ás linguas cooficiais. Nembargantes, ao chegar ás táboas de criterios e estándares, esquecese introducir con claridade o ítem; déixanse compartimentados os currículos, máis aló da posta en valor do plurilingüismo e do interese por traballar as linguas individual e grupalmente, sen falar dos proxectos de comunicación para traballar o TIL.

Nos ANEXOS I-III compartimos unas táboas que fixemos para ir atopando os nosos criterios en común, horizontal e verticalmente, en Primaria e Secundaria.

Deste traballo, máis das docencias recibidas no marco do PFPP que se realizou, sacamos as seguintes conclusións, as cales xa se mencionaron en forma de obxectivos do PLC previamente.

1. Ter un bloque de Lingua e sociedade compartido é esencial para entender a nosa misión didáctica dun plurilingüismo inclusivo.
2. Tanto Primaria coma Secundaria comparten criterios, co que para as aprendizaxes do noso alumnado de CPI será importante que nos coordinemos.
3. Tanto en Primaria coma en Secundaria, as linguas cooficiais sentarán a maioría de coñecementos básicos para a posta en práctica de diversas tarefas arredor dos cinco bloques de criterios antes mencionados. A razón é que, sobre todo nos cursos baixos, o nivel de competencia lingüística do alumnado en linguas estranxeiras adoita distar bastante do nivel nas linguas cooficiais.
4. Tanto en Primaria coma en Secundaria as linguas cooficiais teñen moito en común, podendo realizar, máis aló de proxectos, una programación colaborativa conxunta moi interesante para o alumnado. Isto, no caso de Primaria, xa se estivo a facer en moitas ocasións, ao ser a persoa titora que leva mabas áreas.
5. Aclaremos que o reparto non quere dicir que o que traballa nunha lingua non se traballe nas outras, senón que o que se imparta nunha lingua reforzase no resto, optimizando as temporalizacións sempre que sexamos capaces de nos



coordinar.

6. Inglés de Primaria e Francés de Secundaria están en puntos semellantes no proceso de adquisición da lingua, co que teñen moitos criterios compartidos e poderán atopar actividades para compartir de xeito sinxelo, tanto a nivel aula coma no marco de proxectos comunicativos.
7. Hai maior experiencia por parte dos departamentos de L.E con respecto á práctica da lingüística comparada, o que está a resultar moi útil para seleccionar que acordos con respecto a contidos e que materiais queremos facer para usar as transferencias positivas en todas as linguas curriculares.
8. Á parte de actividades de lingüística comparada, valoramos a necesidade de comezar a realizar proxectos de comunicación TIL, na liña marcada pola experiencia metodolóxica de País Vasco e Andorra, usando o enfoque comunicativo, por tarefas e a Lingüística textual.
9. Nos proxectos de comunicación TIL, os alumnos e alumnas teñen que facer diferentes textos, pero todos teñen a súa tipoloxía formal en común, polo que necesitarán utilizar aprendizaxes comúns en todos eles e tamén aprendizaxes diferenciadas. Ademais, propónse unha situación de aula que vai máis aló da aula, que ten finalidade didáctica e discursiva, que pode recoller os seus intereses.
10. Estes proxectos esixen unha coordinación entre o profesorado, polo menos para se poñer de acordo en relación ao tema, ao produto final no marco dun evento social relevante e á tipoloxía textual que se traballará nos distintos produtos parciais.
11. En Primaria barallan a posibilidade de incluír áreas non lingüísticas nos seus proxectos comunicativos TIL xa no vindeiro curso, co que farían un tratamento integral; en Secundaria vaise comezar por un tratamento integrado, coas materias de linguas, e limitando a colaboración neste tipo de proxectos (ou, se non, secuencias didácticas por tarefas con tratamento integrado) a unha por trimestre.
12. En Primaria temos seccións bilingües en Plástica. Estas seccións sumaranse no desenvolvemento de proxectos integrais de comunicación, sempre coa participación de outras áreas, respondendo entre todas ao enfoque plurilingüe e pluricultural inclusivo que se quere transmitir ao alumnado.
13. Propostas concretas que hai para botar a andar, pouco a pouco, son:
  - a. A nivel centro, un proxecto sobre os Maíos.
  - b. Con 5º de EP e 1º de ESO, a partir do segundo trimestre, pódese lanzar un pequeno proxecto comunicativo con todas as linguas arredor do tema da familia e das linguas que se falan nas familias.
  - c. Con 6º de EP e 2º de ESO, pódese lanzar outro pequeno proxecto con todas as linguas que trate do contorno do alumnado e das linguas que nel



- se falan.
- d. En 3º de ESO os temas sociolingüísticos irán variando, segundo xurda, mais sacaremos produtos relacionados coa poesía, coa biografía e co xénero epistolar. A poder ser, xa se aproveitará unha efeméride que cadre no trimestre correspondente.
  - e. En 4º os temas sociolingüísticos irán variando, segundo xurda, mais sacaremos bastantes textos relacionados coa publicidade. A poder ser, xa se aproveitará unha efeméride que cadre no trimestre correspondente.
  - f. Facer alguna proposta a partir da historia de Humboldt e a lingua atur.
  - g. En Secundaria, partir de Chaucer para chegar a Rosalía, falando de que o inglés, durante 300 anos, fora a lingua do pobo durante a invasión normanda.
  - h. Facer alguna proposta plurilingüe e pluricultural inclusiva partindo da cultura do pan.
14. Son dous os ámbitos nos que se proponen estes proxectos: as conmemoracións do centro e o traballo de asuntos de Lingua e sociedade que favorezan a interiorización dun plurilingüismo inclusivo. Estes dous ámbitos non son excluíntes.
  15. Pensamos propor á Comisión de Coordinación Pedagóxica unha materia de libre configuración de centro en Primaria e Secundaria, dada a actual situación de pandemia mundial, con cese das clases presenciais, que reforce as instrumentais. Chamarase 'Reforzo de Instrumentais'. A lingua vehicular será o galego, aínda que unha das linguas obxecto de estudo sexa o castelán. Traballarase en formato obradoiro e haberá un reparto trimestral equitativo de Matemáticas e linguas cooficiais.
  16. Para o deseño desta materia, contamos coas táboas de integración de cooficiais do ANEXO II, e estamos convencidas de que a dinámica da clase deberá ser de obradoiro de linguas e matemáticas, ben por separado, ben conxuntamente, segundo considere en cada momento ao longo do curso a persoa que imparta a materia.
  17. Para mellorar a avaliación do noso PLC e para favorecer a reflexión sobre os usos lingüísticos e o nivel competencial no alumnado, vemos de utilidade pasar unas enquisas en 6º de EP e 4º de ESO todos os anos.
  18. Na mesma liña, vemos de utilidade que o alumnado inicie un caderno de linguas no terceiro ciclo de Primaria, seguindo o modelo do Portfolio Europeo de linguas, mais adaptándoo para pór en valor o uso da lingua galega.
  19. En Primaria, imos facer un documento a modo de táboa/esquema en galego sobre os elementos básicos na iniciación á Lectoescritura para Primaria.
  20. –Tamén en Primaria, elaboraremos un documento de didáctica das linguas



comparada entre titorías e, parcialmente, cos especialistas de LE., para establecer transferencias positivas entre as linguas que estudan os nosos alumnos.

21. En Secundaria, elaboraremos outro documento, irmán do de Primaria, de didáctica das linguas comparada entre cooficiais e, parcialmente, cos especialistas de LE., para establecer transferencias positivas entre as linguas que estudan os nosos alumnos.
  - a. Modalidades oracionais: 1º e 2º, oración simple; 3º e 4º, compostas.
  - b. Categorías gramaticais.
  - c. En canto ás cuestións básicas de léxico e semántica teriamos que concretar máis para analizar as coincidencias, ao igual que nas frases.
  - d. Podemos traballar coa oración simple e con algúns tipos de oracións compostas.
  - e. Perífrases verbais.
  
22. A medio prazo, en Primaria compartiranse as mesmas instrucións en galego e castelán sobre:
  - Escribir normas, un cartel, unha invitación, unha mensaxe, unha nota, instrucións simples, normas de hixiene, historias fantásticas, contar una excursión, diario persoal, pequenos diálogos, etc.
  - Describir un lugar, un obxecto, un personaxe, animais, describirse a sí mesmo, unha escena, etc.
  - Como se fai algo, unha visita, unha noticia, narrar en primeira persoa, seguir unha orde cronolóxica, inventar o inicio ou final dun texto, empregar oracións curtas, introducir comentarios persoais, etc.
  
1. O material anterior aproveitarano para o adaptar os departamentos de LE de Secundaria, axudando así á andamiaxe comunicativa do alumnado.
  
2. Elaborar unha táboa entre Primaria e Secundaria, a medio prazo, sobre os aspectos lingüísticos básicos en textos descritivos, narrativos, dialogados, expositivos e argumentativos. Mentres, comezamos usando o xa feito polo equipo TIL vasco (*VID. ANEXO IV*).
  
3. Dentro do currículo das linguas cooficiais, para Lingua e Sociedade podemos integrar o seguinte por niveis:
  - En 1º,
    1. A lingua na familia.
    2. A variedade diastrática da lingua (e introdución á diatópica).
  - En 2º,
    1. A lingua no contorno.



- 2. A variedade diafásica da lingua (e repaso da diatópica).
  - En 3º,
    - 1. As linguas de España, impartido dende Lingua castelá,
    - 2. con repaso da variedade diatópica.
  - En 4º,
    - 1. Situación lingüística en Galicia, impartido dende Lingua galega.
    - 2. e repaso a todas as variedades da lingua, en Castelán.
    - 3. En ambas linguas: prácticas nas que usen varios rexistros.
    - 4. A lusofonía, en Galego
    - 5. Conectar os procesos de formación da lingua coa materia de Latín, a través de campos semánticos, latinismos e derivación.
1. Para Funcionamento da Lingua, a medio prazo, nas cooficiais de Secundaria:
- En 1º e 2º de ESO podemos integrar:
    - 1. Modalidades oracionais
    - 2. Formación de palabras
    - 3. Categorías gramaticais
    - 4. Cuestións básicas de léxico e semántica
    - 5. As frases
  - En 3º e 4º:
    - 1. Activa/pasiva
    - 2. Oración simple
    - 3. Ampliar a oración simple
    - 4. Na formación de palabras, centrarse nos derivativos grecolatinos
    - 5. Perífrases
1. En relación á metodoloxía e terminoloxía lingüística, acordouse, en sesión de docencia con María López Sánchez, que:
- a. O enfoque comunicativo non quita pór en común metalinguaxes, sempre que sexan para facilitar o bo uso das linguas.
  - b. É moi importante ter en conta, dentro da Gramática, a Pragmática, que se relaciona coas competencias estratéxicas das linguas.
  - c. Nas categorías gramaticais simples priorizaremos a significación de “demostrativo” ou “posesivo” sobre a distinción, posterior, de determinante ou pronome.
  - d. Distinguiremos artigos, demostrativos, posesivos, etc. de adxectivos, para nos referir neste segundo caso aos adxectivos calificativos.
  - e. No caso dos grupos de palabras que constitúen enunciados sen verbos conxugados, falaremos de “frases”, seguindo a Gutiérrez Ordóñez.
  - f. Os tempos verbais en castelán e en galego chamaranse igual, porque se considera a que coincide máis en todas as linguas e porque é ampla.
  - g. Podemos facer unha tarefa que faga que traballen en Secundaria o *passé composé* de xeito semellante a como traballaron o *present perfect* en 6º de EP, reforzando en ambos niveis en castelán a comparativa co pretérito perfecto composto.
  - h. En 3º de ESO, podemos facer alguna tarefa arredor do uso dos adverbios relativos en galego, castelán e inglés, que son chamados pronomes relativos en francés.



2. En 2º de ESO, en cooficiais, a medio prazo, teremos un documento guía en común para o comentario de texto literario, o cal, terá en conta o salto que haberá en 3º e 4º de ESO neste tipo de tarefas, así como a estrutura dos comentarios de historia que fan en Xeografía e historia, para introducir a tarefa de xeito parcialmente comparado (esta é a única acción integral que nos propoñemos de momento en Secundaria).
3. En Oral máis Escrita, a medio prazo, nas cooficiais podemos fixarnos máis nas seguintes producións textuais de xeito integrado e por niveis:
  - En 1º e 2º de ESO, noticias.
  - En 3º e 4º, debates e coloquios.
  - En 3º e 4º, todos os xéneros xornalísticos de información fronte aos de opinión.
  - E en 4º a publicidade.
1. En Literatura, a medio prazo, en cooficiais, integramos materiais e partillamos actividades para:
  - En 1º e 2º de ESO, de xeito moi guiado:
    1. Que distingan o literario do non literario.
    2. Que se manexen nos tres xéneros literarios básicos.
    3. Que se expresen con creatividade a través da narrativa breve, do cómic e das cancións.
  - En 3º e 4º:
    1. Ensaio.
    2. Os tópicos literarios relacionados cos distintos medios de comunicación.
    3. O comentario de texto literario.
    4. Dar especial importancia á lectura libre.

Será pouco rentábel ir á par en 3º e 4º coa Historia da Literatura, mais haberá materiais que se poden pór en común, relacionados co anteriormente citado para integrar en 3º e 4º.

1. Grazas ao traballo colaborativo coas especialistas de Pedagogía Terapéutica, acordamos uns mínimos periódicos cun enfoque moi práctico para as linguas. Son os seguintes:

**Que durante toda a escolarización obrigatoria...**

- Sexan participativ@s.
- Comprendan e respecten a realidade plurilingüe na que habitamos, evitando prexuízos.

**Que a finais do primeiro ciclo de Primaria...** Lean textos moi sinxelos.

- Comprendan o sentido xeral do que escoitan ou len.
- Saiban contar experiencias propias nas linguas cooficiais.
- Teñan capacidade memorística con poesías e trabalinguas.



- Teñan unha letra comprensíbel.
- Separen as palabras e escriban con maiúscula os nomes propios.
- Apliquen a concordancia de xénero e número nas cooficiais.

### **Que a finais do segundo ciclo de Primaria...**

- Lean textos de diferentes tipos con ritmo e boa entoación nas linguas cooficiais.
- Distingan entre o esencial e o accesorio do que escoitan ou len.
- Teñan adquirido un vocabulario suficiente para a vida cotiá.
- Distingan grafías con fonéticas variabeis.
- Se manexen con adivinanzas e refráns nas linguas cooficiais.
- Distingan ao ler e ao escribir entre narración, descrición e diálogo.
- Identifiquen nomes, accións e cualidades.
- Distingan entre presente, pasado e futuro.

### **Que a finais de Primaria...**

- Saiban ler con entonación e expresividade.
- Saiban dar a súa opinión nas linguas cooficiais.
- Sexan conscientes da importancia de respectar a ortoloxía e a ortografía básicas.
- Saiban facer un resumo.
- Recoñezan as categorías gramaticais básicas.
- Se manexen no uso de oracións simples, ben interconectadas ao se expresar.

#### **a. Que ao rematar 2º de ESO...**

- Saquen as ideas principais en textos orais e escritos do ámbito académico e dos medios de comunicación, manexándose con palabras clave e co subliñado.
- Fagan esquemas, a modo de borrador ou de guión, para producir textos sinxelos, orais e escritos, do ámbito académico e dos medios de comunicación.
- Redaten e falen utilizando a cohesión textual básica.
- Respecten a ortoloxía e a ortografía básicas.
- Manexen as categorías gramaticais básicas.
- Teñan adquirido novo vocabulario, non só da vida cotiá senón tamén da académica.
- Teñan un manexo básico das TAC para obter información.





- Teñan estratexias de autoavaliación e autocorrección, aceptando o erro como parte do proceso de aprendizaxe.
  
- a. **Que a finais da ESO...**
  - Comprendan os enunciados sen reproducilos.
  - Tomen notas para seleccionar información.
  - Non tomen apuntes a modo de borradores para pasar logo a limpo e desbotar o anterior.
  - Falen e escriban con adecuación e coherencia, sendo capaces de ampliar oracións simples, cohesionando suficientemente e utilizando vocabulario estándar e, de ser o caso, formal de seu.
  - Saiban manexarse ben nas TAC para a procura e para o intercambio de información.
  - Teñan medrado en autonomía.
  - Teñan un espírito crítico.

#### 1.4. Escola inclusiva e atención á diversidade

A lexislación vixente (Decreto 79/2010, do 20 de maio) establece como obxectivo principal da educación obrigatoria que o alumnado adquira unha competencia semellante nas dúas linguas cooficiais da nosa comunidade autónoma. Así mesmo, a Orde do 23 de xullo de 2014 pola que se regula a implantación da Lei orgánica 8/2013, establece que a competencia en cada lingua interactúa e enriquecese co coñecemento das outras linguas promovendo así o desenvolvemento simultáneo do **plurilingüismo** e da **interculturalidade**.

Tomando coma referencia este obxectivo é necesario artellar medidas orientadas á súa consecución. Así, establécese un protocolo de actuación no que se refire aos apoios e reforzos axeitados para os alumnos/as que amosan dificultades neste ámbito da aprendizaxe. O procedemento é o seguinte:

**En educación infantil**, centrámonos na lingua materna predominante (galego no noso caso) pero introducimos a outra lingua oficial (castelán) de maneira natural e progresiva na aula. Nestes niveis aínda non teñen adquirido un dominio total nas linguas, co cal é un traballo diario e cotiá o aprender a expresarse, a comunicarse. Ademais, contamos coa presenza da mestra de audición e linguaxe, que nos asesora fronte a posibles problemas lingüísticos, e que traballa conxuntamente coa titora de cada clase de infantil.

**En educación primaria**, xa podemos atoparnos con máis dificultades neste campo, por iso a maiores dos propios recursos e metodoloxía que cada mestre/a titor/a emprega na súa aula para conseguir un axeitado dominio das linguas nos seus alumnos/as, fai o seu labor a mestra de pedagogía terapéutica, que realiza reforzos



dentro e fóra da aula, con aqueles nenos/as que así o precisen para adquirir esas competencias lingüísticas que non dan desenvolto; e tamén, a mestra de audición e linguaxe, que co seu traballo asegurará a aprendizaxe da lectoescritura e favorecerá o desenvolvemento das capacidades comunicativo\_lingüísticas, intervindo tanto a nivel de grupo como específico fóra da aula.

**En educación secundaria obrigatoria**, impártense horas de reforzo educativo dentro e fóra da aula, así:

O alumnado que posúa un informe no que se indiquen as especiais dificultades ou carencias nalgún ámbito lingüístico, deberá recibir en lugar da segunda lingua estranxeira as medidas de reforzo que permitan achegalo ao nivel mínimo esixible nas competencias das linguas oficiais.

O alumnado con necesidade específica de apoio educativo, traballará coa profesora de P.T. na adquisición dunha competencia lingüística en galego e castelán.

**O alumnado que se incorpore tardiamente ao sistema educativo** require un tratamento específico pois non foi escolarizado nunca en galego. Co fin de que estes alumnos/as poidan seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lles imparten no centro contémpnanse unha serie de medidas:

- Reforzo educativo tanto dentro do seu grupo clase por parte do profesor de lingua, coma fóra da aula co fin de que adquira unha competencia lingüística e sexa capaz de seguir as ensinanzas propias do seu nivel.
- Utilización de materiais de consulta bilingües como dicionarios, enciclopedias, enciclopedias visuais, programas informáticos, etc.
- Os alumnos que se incorporen tardiamente ao sistema educativo galego, poderán solicitar a exención da avaliación sobre a lingua galega nun período non superior a dous anos, sempre ca obriga de asistir ás clases da citada materia.
- Grupos de adquisición de linguas, para o alumnado de Secundaria, Primaria e de xeito excepcional, o último curso de Infantil, que descoñeza as dúas linguas oficiais de Galicia,
- Grupos de adaptación da competencia curricular para o alumnado 3º,4º, 5º e 6º de Educación Primara e para Educación Secundaria con un desfase de dous ou máis cursos en función o que lle corresponde en relación a súa idade.

Por último, tendo en conta que practicamente a totalidade do alumnado do noso centro é galego falante destacar que os/as alumnos/as que descoñezan a lingua galega estarán inmersos nun contexto que favorecerá a rápida adquisición da mesma, especialmente no plano oral.



### 1.5. **Propostas de mellora lingüística dende outros proxectos do centro**

Tanto o Decreto 105/2014, do 4 de setembro coma o Decreto 86/2015 do 25 de xuño, artigo 11 promoven para Primaria e Secundaria, respectivamente, e salvando algunha pequena diferenza, unha metodoloxía:

- Comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave.
- Integradora dos elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.
  - Que promova a autonomía e o traballo en equipo
  - Que promova a comprensión de lectura e de uso da información.
  - Con mecanismos de reforzo tanto organizativos como curriculares.
  - Con actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo. Para isto, aproveitaranse as posibilidades que ofrecen as metodoloxías de proxectos, entre outras, así como os recursos e as actividades da biblioteca escolar.
  - De currículo integrado de todas as linguas da súa oferta educativa, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe. No proxecto lingüístico do centro concretaranse as medidas tomadas para a impartición do currículo integrado das linguas. Estas medidas incluírán, polo menos, acordos sobre criterios metodolóxicos básicos de actuación en todas as linguas, acordos sobre a terminoloxía que se vaia empregar, e o tratamento que se lles dará aos contidos, aos criterios de avaliación e aos estándares de aprendizaxe similares nas distintas áreas lingüísticas, de xeito que se evite a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de cal-quera lingua.
  - Integradora das Tecnoloxías da Aprendizaxe e do Coñecemento en tarefas en proxectos.

Para este fin, o PLC entra en contacto con outros proxectos do centro que, á súa vez, co seu traballo, están a mellorar a competencia lingüística do alumnado. Por outra banda, todo o centro coñece e asume a filosofía do presente PLC, co que as aprendizaxes formais e non formais de todo o centro se ven afectadas a través de distintos proxectos. Estes son:

- Plan de lectura e biblioteca do centro
- A coordinación TIC para una educación mediática
- As actividades complementarias



## **2. Fóra do centro**

### **2.1. A ENAPA, a ANPA e o CPI**

No curso 2020-2021, dependemos da situación sanitaria para poder realizar una ENAPA que queda pendente do curso anterior, para poner en común coas familias que así o desexen o traballo realizado. Por outra banda, preferimos ter a ENAPA una vez que teñamos feito alguna práctica, para falar dende a experiencia e non dende a teoría e os bos propósitos.

Agardamos, coma sempre, que a ANPA se sinta libre de facer achegas e colaboracións, tanto a petición nosa coma por iniciativa súa, para botar adiante proxectos nos que se poña en valor un plurilingüismo inclusivo e o fomento e, na fotruna da nosa situación en Bembibre, o atesouramento do uso do galego e da conciencia de identidade propia.

### **Avaliación do proxecto**

Segundo o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo, a avaliación do Proxecto Lingüístico do Centro debe ser aprobado e avaliado polo Consello Escolar (art. 14º). Previamente, realizaremos unha valoración deste na comisión de coordinación pedagóxica, e as propostas que xurdan trasladaranse á reunión do claustro de profesores para o seu debate. As conclusións que se tiren expoñeranse no consello escolar, quen, como xa indicamos, aprobará o Proxecto Lingüístico.

Este proxecto remitiráselle cada catro cursos escolares ao servicio de inspección educativa.

Anualmente, elaborárase unha addenda do proxecto lingüístico na cal conste:

- Os resultados en Educación Infantil, da pregunta aos pais, nais, titores/as ou representantes legais do alumnado para obter información respecto da lingua materna predominante entre o alumnado, e as actividades e estratexias de aprendizaxe para que o alumnado adquira o coñecemento das linguas oficiais.
- Información e valoración dos programas e actividades para o fomento e dinamización da lingua galega realizados polo centro educativo no curso anterior e información do que se vai desenvolver no seguinte curso.
- Sé é o caso de que haxa unha modificación ao impartir as materias en lingua(s) estranxeira(s), informarase sobre os cambios aprobados polo centro e autorizados pola consellería competente en materia de educación.
- As conclusións extraídas dunhas enquisas que podemos pasar en 6º de EP e 4º de ESO todos os anos, para mellorar a avaliación do noso PLC e para favorecer a reflexión sobre os usos lingüísticos e o nivel competencial no alumnado, vemos de utilidade.



## Bibliografía<sup>4</sup>

Alexopoulou, Angélica (2011). 'El enfoque basado en los géneros textuales y la evaluación de la competencia discursiva', en *La aplicación de los textos a la enseñanza-aprendizaje del español L2-LE*, vol.1.

Apraiz, M<sup>a</sup> Victoria et alt. (2011). 'El tratamiento integrado de lenguas: los proyectos de comunicación', en *Lengua castellana y literatura. Investigación, innovación y buenas prácticas*, Ruiz Bikandi (coord.), 10 vol.III, Graó.

Centro Autónomo de Formación e Innovación (2015). *Marco conceptual. Tratamento Integrado de Linguas* ([https://www.edu.xunta.gal/centros/cafi/aulavirtual2/pluginfile.php/41238/mod\\_resource/content/1/TIL\\_marco\\_conceptual.pdf](https://www.edu.xunta.gal/centros/cafi/aulavirtual2/pluginfile.php/41238/mod_resource/content/1/TIL_marco_conceptual.pdf). ÚLTIMA CONSULTA, 26-5-2020).

Coordinadora Galega de Equipos de Dinamización e Normalización Lingüística (2012). *Docentes por un plurilingüismo inclusivo* (<https://es.slideshare.net/CGENDL/por-un-plurilinguismo-inclusivo>. ÚLTIMA CONSULTA, 26-5-2020).

Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia (DOG 25-5-2010).

Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo de Educación Secundaria obrigatoria e do bacharelato (DOG 29-6-2015).

Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo de Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 9-9-2014).

Decreto 124/2007 do 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo (DOG 29-6-2007).

Decreto 236/2015, de 22 de decembro, por el que se establece el currículo de la Educación Básica y se implanta en la Comunidad Autónoma del País Vasco (BOPV, 15-01-2016).

Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 23-6-2009).

Departamento de Educación, Política lingüística y Cultura, Gobierno Vasco (2016). Currículo de carácter orientador que completa el Anexo II del Decreto 127/2016 ([https://www.euskadi.eus/contenidos/informacion/inn\\_heziberri\\_dec\\_curriculares/es\\_def/adjuntos/EB\\_curriculo\\_completo.pdf](https://www.euskadi.eus/contenidos/informacion/inn_heziberri_dec_curriculares/es_def/adjuntos/EB_curriculo_completo.pdf). ÚLTIMA CONSULTA, 26-5-2020).

---

<sup>4</sup> Hai dous anexos no documento pertencentes ao equipo TIL de País Vasco que estiveron colgados no seu día en internet, mais non atopamos a día de hoxe o modo de citalos bibliograficamente.



- Fernández Paz, Agustín et alt. (2007). *Guía para a planificación lingüística nos centros educativos*, Xunta de Galicia.
- IES Félix Muriel (2018). *Proxecto lingüístico de centro*  
(<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesfelixmuriel/system/files/u45/PROXECTO%20LING%C3%9C%C3%8DSTICO%2018-19%20%2814%20febreiro%20CON%20ANEXOS%29.pdf>. Última consulta, 26-5-2020).
- IES Pobra do Caramiñal (2010). *Proxecto lingüístico de centro*.
- IES Porto do Son (2019). *Tratamento Integrado de linguas*  
(<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesportoson/system/files/TIL%20IES%20DE%20PORTO%20DO%20SON.pdf>. Última consulta, 26-5-2020).
- Instrución para a aplicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, tras os pronunciamentos das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre este tema, Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, 31-7-2013  
([https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/protected/content\\_type/advertisement/2013/07/31/instrucion\\_para\\_aplicaciondo\\_decreto79\\_2010.pdf](https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/protected/content_type/advertisement/2013/07/31/instrucion_para_aplicaciondo_decreto79_2010.pdf). Última consulta, 26-5-2020).
- Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística (DOG 14-7-1983).
- Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, Subdirección General de Cooperación Internacional (2002, vers. español) Marco Común Europeo de Referencia para las Lenguas ([https://cvc.cervantes.es/ensenanza/biblioteca\\_ele/marco/cvc\\_mer.pdf](https://cvc.cervantes.es/ensenanza/biblioteca_ele/marco/cvc_mer.pdf). Última consulta, 26-5-2020).
- Noguerol, Artur (2017). ‘Una experiencia de enseñanza integrada de lenguas’, en *Educación y lenguas en una escuela globalizada*, Steilas  
([https://www.stes.es/old\\_20180705/documentacion/lenguas/EducacionyLenguas\\_STEILAS\\_2017.pdf](https://www.stes.es/old_20180705/documentacion/lenguas/EducacionyLenguas_STEILAS_2017.pdf). Última consulta, 26-5-2020).
- Organismo Autónomo Programas Educativos Europeos e Fernando Trujillo Sáez (2012). *Guía para el diseño y puesta en marcha de un Proyecto Lingüístico de Centro*  
([https://fernandotrujillo.es/wp-content/uploads/2012/09/Guia-PLC\\_WEB.pdf](https://fernandotrujillo.es/wp-content/uploads/2012/09/Guia-PLC_WEB.pdf). Última consulta, 26-5-2020).
- RECOMENDACIÓN DEL CONSEJO de la Unión Europea de 22 de mayo de 2018 relativa a las competencias clave para el aprendizaje permanente (Texto pertinente a efectos del EEE) (DOUE 2018/C 189/01)



**ANEXO I**  
**TÁBOAS CIL DE PRIMARIA E SECUNDARIA**

<b>CRITERIOS EN COMÚN POR NIVEIS EN TODAS AS LINGUAS DE PRIMARIA</b>	
<b>LINGUA E SOCIEDADE</b>	
<b>COOFICIAIS</b>	<b>LE</b>
<b>1º-6º PRIMARIA</b>	<b>2º-6º PRIMARIA</b>
PROXECTOS PLURILINGÜES_ Participar en proxectos nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.	
FONÉTICA E PREXUÍZOS_ Entender que, malia que hai que discriminar progresivamente, e con esixencias diferentes en cooficiais e estranxeiras, patróns sonoros, acentuáis, rítmicos e de entoación de uso máis común, recoñecento significados e intencións comunicativas nas distintas linguas, o feito de pronunciar e entoar facéndonos comprender non ten que ver directamente co acento, co que hai que evitar prexuízos que se poidan asociar á fonética galega, ou non británica, ou non francesa, cumprindo sempre cos requisitos comunicativos fonéticos esenciais para falar en distintas linguas.	
<b>1º-6º PRIMARIA</b>	<b>4º/5º-6º PRIMARIA</b>
VALORAR LINGUAS_ Valorar as linguas como medios de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo.	
VALORAR PLURILINGÜISMO_ Valorar positivamente o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.	
IDENTIFICAR PREXUÍZOS LINGÜÍSTICOS_ Identificar os prexuízos lingüísticos e analizar a situación persoal en relación a eles.	
TRANSFERENCIAS POSITIVAS_ Utilizar as experiencias e coñecementos adquiridos en todas as linguas que coñece para establecer similitudes e diferenzas entre as linguas de aprendizaxe, tanto para comprender coma para producir textos.	



**CRITERIOS EN COMÚN POR NIVEIS EN TODAS AS LINGUAS DE PRIMARIA**

ANÁLISE SOCIOLINGÜÍSTICA DA FAMILIA\_ Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia a partir do estudo dos contextos familiares do alumnado e comparar esta situación sociolingüística con outras arredor do planeta.

ANÁLISE SOCIOLINGÜÍSTICA DO CONTORNO\_ Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia atendendo á presenza da lingua galega no contorno e comparar esa situación sociolingüística con outras arredor do planeta.

**COMUNICACIÓN ORAL**

**1º-6º ESO**

SEGUIR INSTRUCIÓNS\_ Seguir instrucións para realizar tarefas guiadas de aprendizaxe con progresiva autonomía.

COMPRENDER E PRODUCIR TEXTOS ORAIS\_ Comprender o sentido xeral e producir textos orais sinxelos, propios do uso cotián e, no caso de cooficiais, do ámbito académico e dos medios de comunicación, até, en 5º e 6º de Primaria, extraer ou planificar a intención comunicativa, o tema, as ideas principais e os datos relevantes de diferentes textos orais, priorizando instrución, descrición, narración e diálogo para as tres linguas, e traballando tamén exposición e argumentación nas cooficiais, atendendo en ambos casos á intención comunicativa (informativa, literaria e prescritiva ou persuasiva).

MEMORIZAR E DRAMATIZAR\_ Memorizar e reproducir dramatizando textos axeitas á súa idade e aos seus intereses, en LE con construcións simples, en cooficiais desenvolvendo a creatividade nas distintas estratexias de comunicación oral.

PRONUNCIA E MODULA\_ Interesarse por pronunciar con corrección e modular segundo a finalidade da súa práctica, sempre sen prexuízos.

CORTESÍA\_ Valorar as regras que regulan os intercambios comunicativos orais.

RECOÑECE A AXUDA DO NON VERBAL\_ Recoñecer a importancia dos aspectos prosódicos, da linguaxe non verbal, da xestión de tempos e do emprego de axudas audiovisuais nos discursos, chegando, en 5º e 6º de Primaria, a identificar valores non explícitos accesibles á súa idade, recoñecendo ideas principais e secundarias e facendo hipóteses a partir do contexto.





**CRITERIOS EN COMÚN POR NIVEIS EN TODAS AS LINGUAS DE PRIMARIA**

INTERACTUAR\_ Interactuar, practicando a escoita activa, con respecto de xeito sinxelo na aula, segundo corresponda no contexto comunicativo creado, centrándose o criterio no caso de estranxeiras con estruturas moi breves e claras para 4º-6º de Primaria.

**COMUNICACIÓN ESCRITA**

**1º-6º**

ESTRATEGIAS DE LECTURA\_ Pon en práctica diferentes estratexias de lectura básicas (anticipación do significado, formulación de hipóteses, uso do dicionario, relectura, etc.), practicando sobre todo a lectura en voz alta e, progresivamente, a lectura en silencio.

COMPRENDER E ESCRIBIR TEXTOS ESCRITOS\_ Comprender, interpretar e sintetizar, por unha banda, e escribir, pola outra, textos do ámbito da vida cotiá, progresivamente, en en cooficiais tamén do ámbito educativo, dos medios de comunicación e do ámbito literario, imitando modelos, con presentación limpa e ordeada, e priorizando instrución, descrición, narración e diálogo en todas as linguas e incluíndo exposición e argumentación en 5º e 6º en cooficiais.

SELECCIONAR INFO.\_ Seleccionar a información que se obtén nas bibliotecas, nas TAC (Tecnoloxías da Aprendizaxe e do Coñecemento) e outras fontes e integrar os coñecementos adquiridos no proceso de aprendizaxe continua.

**COÑECEMENTO DA LINGUA**

**1º-6º PRIMARIA**

CORRECCIÓN ESCRITA\_ Aplicar e valorar as normas ortográficas e morfolóxicas básicas das linguas e analizar e usar correctamente a puntuación, de acordo coa cohesión textual, segundo o seu nivel escolar en cada lingua.

TRANSFERENCIAS POSITIVAS\_ Utilizar as experiencias e coñecementos adquiridos en todas as linguas que coñece para establecer similitudes e diferenzas entre as linguas de aprendizaxe, tanto para comprender coma para producir textos.



**CRITERIOS EN COMÚN POR NIVEIS EN TODAS AS LINGUAS DE PRIMARIA**

LÉXICO\_ Recoñecer, explicar e usar léxico coa presenza de fraseoloxía e vocabulario traballado na aula; en cooficiais, léxico amplo e preciso, e en estranxeiras suficiente para se comunicar no ámbito da vida cotiá.

GRUPOS DE PALABRAS\_ En LE, mostrar un control limitado dun conxunto de estruturas gramaticais sinxelas e de modelos de oracións e frases dentro dun repertorio memorizado; e en cooficiais, identificar os grupos de palabras máis os seus constituíntes nos enunciados e explicar o seu funcionamento no marco da oración simple.

COMPARAR\_ Compara aspectos básicos das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.

**EDUCACIÓN LITERARIA**

**1º-6º PRIMARIA**

COMPRENDER NARRATIVA BREVE\_ Ler expresiva e comprensivamente textos narrativos breves, en LE con apoios visuais, e, en linguas cooficiais, recoñecer a funcionalidade dos elementos formais básicos.

BIBLIOTECAS\_ Familiarizarse, seguindo unhas pautas orientadoras, co emprego dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as vistuais, para a procura de información básica e a resolución de dúbidas de traballo.

ENTENDER CÓMIC E CANCIÓN\_ Manexar progresivamente cómics e cancións.

DRAMATIZACIÓN\_ Ler de xeito dramatizado e improvisar a partir de lecturas e, no caso da LE, sempre centrado nun inicio á dramatización arredor do ámbito persoal.

VALORAR LITERATURAS\_ Valorar a literatura de distintas culturas en calquera lingua, prezando especialmente a galega, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.



**CRITERIOS EN COMÚN POR NIVEIS EN TODAS AS LINGUAS DE SECUNDARIA**

**SOCIOLINGÜÍSTICA**

**1º-4º DE ESO**

**FONÉTICA E PREXUÍZOS**\_ Entender que, malia que hai que discriminar progresivamente, e con esixencias diferentes en cooficiais e estranxeiras, patróns sonoros, acentuáis, rítmicos e de entoación de uso máis común, recoñecento significados e intencións comunicativas nas distintas linguas, o feito de pronunciar e entoar facéndonos comprender non ten que ver directamente co acento, co que hai que evitar prexuizos que se poidan asociar á fonética galega, ou non británica, ou non francesa, cumprindo sempre cos requisitos comunicativos fonéticos esenciais para falar en distintas linguas.

**VALORAR LINGUAS**\_ Valorar as linguas como medios de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo.

**VALORAR PLURILINGÜISMO**\_ Valorar positivamente o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.

**PROXECTOS PLURILINGÜES**\_ Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.

**SITUACIÓN COMUNICATIVA**\_ Coñecer os elementos da situación comunicativa que determinan os usos lingüísticos (tema, propósito, destinatario, xénero textual).

**IDENTIFICAR PREXUÍZOS LINGÜÍSTICOS**\_ Identificar os prexuizos lingüísticos e analizar a situación persoal en relación a eles.

**TRANSFERENCIAS POSITIVAS**\_ Utilizar as experiencias e coñecementos adquiridos en todas as linguas que coñece para establecer similitudes e diferenzas entre as linguas de aprendizaxe, tanto para comprender coma para producir textos.

**COÑECEMENTOS SOCIOLINGÜÍSTICOS**\_ Coñecer e utilizar para a comprensión e produción de textos orais e escritos arredor dun proxeco de comunicación plurilingüe, inclusivo, aspectos sociolingüísticos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida e contorno, ás relacións interpersoais e convencións sociais



**CRITERIOS EN COMÚN POR NIVEIS EN TODAS AS LINGUAS DE SECUNDARIA**

en distintas culturas, respectando as normas de cortesía básicas nos contextos respectivos.

LUSOFONÍA\_ Aproveitar a achega que se realiza en Galego á lusofonía e as culturas que a integran para establecer comparacións con outros intersistemas culturais, sobre todo en 4º de ESO.

**1º DE ESO**

ANÁLISE SOCIOLINGÜÍSTICA DA FAMILIA\_ Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia a partir do estudo dos contextos familiares do alumnado e comparar esta situación sociolingüística con outras arredor do planeta.

**2º DE ESO**

ANÁLISE SOCIOLINGÜÍSTICA DO CONTORNO\_ Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia atendendo á presenza da lingua galega no contorno e comparar esa situación sociolingüística con outras arredor do planeta.

**COMUNICACIÓN ORAL**

**1º-4º ESO**

ESTRATEGIAS PARA FALAR EN PÚBLICO\_ Aplicar progresivamente técnicas e estratexias para falar en público, en situacións formais ou informais, de forma individual ou en grupo.

SEGUIR INSTRUCIÓNES\_ Seguir instrucións para realizar tarefas guiadas de aprendizaxe con progresiva autonomía.

PRONUNCIA E MODULA\_ Pronunciar con corrección e sen prexuízos e modular segundo a finalidade da súa práctica.

DRAMATIZA OU IMPROVISA\_ Dramatizar ou improvisar situacións reais ou imaxinarias de comunicación.



**CRITERIOS EN COMÚN POR NIVEIS EN TODAS AS LINGUAS DE SECUNDARIA**

CORTESÍA\_ Manéxase e valora as regras que regulan os intercambios comunicativos orais.

COMPRESIÓN	GRUPOS DE PALABRAS, CONSITUÍNTES E FUNCIONAMENTO_ IDENTIFICA OS GRUPOS DE PALABRAS MÁIS OS SEUS CONSTITUÍNTES NOS ENUNCIADOS E EXPLICA O SEU FUNCIONAMENTO NO MARCO DA ORACIÓN SIMPLE
	FUNCIÓNS CLÁUS SIMPLE_ Coñece as funcións da cláusula simple

3º DE ESO

EXPRESIÓN	ACTIVA/PASIVA_ TRANSFORMA A ORACIÓN ACTIVA EN PASIVA E VICEVERSA E EXPLICA OS PAPEIS SEMÁNTICOS DO SUXEITO
-----------	--

1º-4º DE ESO

COMPRESIÓN	MONEMAS_ MANEXA OS MONEMAS E OS PROCEDEMENTOS DE FORMACIÓN DE PALABRAS COMO PARA COMPRENDER MELLOR OS TEXTOS E ENRIQUECER O SEU VOCABULARIO
	FONTES DE CONSULTA_ Usar eficazmente os dicionarios ou calquera outra fonte de consulta en calquera soporte, para resolver dúbidas e para progresar na aprendizaxe autónoma.
	AUTOAVALIACIÓN_ Aplicar progresivamente o coñecemento e o uso das estratexias de autoavaliación e a aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe.
EXPRESIÓN	CORRECCIÓN ESCRITA_ Aplicar e valorar as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua e analizar e usar correctamente a puntuación, de acordo coa cohesión textual.
INTERACCIÓN	CATEGORÍAS GRAMATICAIS_ MANÉXASE NO USO DAS CATEGORÍAS GRAMATICAIS NOS TEXTOS PROPIOS E ALLÉOS



	LÉXICO_Recoñecer, explicar e usar léxico amplo e preciso coa presenza da fraseoloxía e vocabulario traballado na aula.
	COHESIÓN_Recoñecer en textos de diversa natureza e usar nas producións propias os diferentes conectores textuais e os principais mecanismos de cohesión.
	ESTRUTURAS TEXTUAIS_MANEXA AS DISTINTAS ESTRUTURAS TEXTUAIS EN PRODUCCIÓN PROPIAS E ALLEAS
	FONÉTICA_Recoñecer e usar a fonética da lingua galega.
	<b>PROXECTOS PLURILINGÜES_Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.</b>
	<b>PLURILINGÜISMO_Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e a transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos.</b>
2º-4º DE ESO	
INTERACCIÓN	SINTAXE EN USO_Coñecer os compoñentes sintácticos para elaborar enunciados, orais e escritos, cun estilo cohesionado e correcto.
3º-4º DE ESO	
EXPRESIÓN	AMPLÍA ORACIÓNS_AMPLÍA ORACIÓNS NUN TEXTO USANDO DIFERENTES GRUPOS DE PALABRAS E NEXOS QUE CREEN NOVAS ORACIÓNS CON SENTIDO COMPLETO



	X <sup>as</sup> >EXPOS.ARGUM. MANEXA AS ESTRUTURAS DOS XÉNEROS TEXTUAIS, CON ESPECIAL ATENCIÓN ÁS EXPOSITIVAS E ARGUMENTATIVAS, E UTILÍZAAS NAS PROPIAS PRODUCIÓNS ORAIS E ESCRITAS
INTERACCIÓN	PREDICADOS MANEXA O FUNCIONAMENTO DOS DISTINTOS PREDICADOS
	COHERENCIA Identificar adecuadamente en textos alleos e propios a estrutura, a construción e xustificación dos parágrafos, a vinculación e progresión temáticas, e elabora textos de acordo con estes parámetros.
4º DE ESO	
COMPRESIÓN	REFLEXIÓN SINTÁCTICA UTILIZA DE FORMA AUTÓNOMA TEXTOS DA VIDA COTIÁ PARA A OBSERVACIÓN, REFLEXIÓN E EXPLICACIÓN SINTÁCTICA
	DERIVATIVOS GRECOLATINOS DEDUCE O SIGNIFICADO DE PALABRAS DESCOÑECIDAS A PARTIR DO COÑECIMENTO DE PREFIXOS E SUFIXOS GRECOLATINOS
INTERACCIÓN	PERÍFRASIS VERBAIS Recoñecer e usar correctamente as perífrases verbais da lingua galega e da castelá.
	ADECUACIÓN Xustificar a adecuación dos textos, en función do contexto, do tema e do xénero e elabora producións propias cunha adecuación apropiada.
	SUBXECTIVIDADE RECOÑECE NUN TEXTO OS PROCEDEMENTOS LINGÜÍSTICOS PARA A EXPRESIÓN DA SUBXECTIVIDADE E UTILÍZAOS NAS PRODUCIÓNS PROPIAS



	CASTELÁN	GALEGO
LINGUA E SOCIEDADE		
1º DE ESO		
COMPRESIÓN	ANÁLISE SOCIOLINGÜÍSTICA FAMILIA_ Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia a partir do estudo dos contextos familiares do alumnado.	
	VARIEDADES DIASTRÁTICAS_ Identificar e clasificar as variantes diastráticas do galego e dos castelán, recoñecer os trazos da variedade estándar da lingua galega, valorala como variante unificadora e apreciar a variante diatópica propia.	
2º DE ESO		
COMPRESIÓN	ANÁLISE SOCIOLINGÜÍSTICA CONTORNO_ Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia atendendo á presenza da lingua galega no contorno.	
	VARIEDADES DIAFÁSICAS_ Identificar e clasificar as variantes diafásicas do galego e do castelán en textos orais ou escritos en función da intención comunicativa e do seu uso social, recoñecer os trazos da variedade estándar en ambas linguas e valoralas como variantes unificadoras, así como apreciar a variante diatópica propia.	
3º DE ESO		
COMPRESIÓN	VARIEDADES DIATÓPICAS_ Recoñecer e apreciar as variantes diatópicas do galego e as do castelán, estas tanto dentro coma fóra de España.	



		FORMACIÓN DA LINGUA -1916_Recoñecer os principios elementos na orixe e formación da lingua galega, así como identificar as causas e consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua desde os seus inicios ata 1916.
EXPRESIÓN		ACHEGAS Á LUSOFONÍA_Incorporar ferramentas en rede da comunidade cultural lusófona.
INTERACCIÓN	LINGUAS DE ESPAÑA_LOCALIZA TANTO NUN MAPA SINCRÓNICO COMA NUN DIACRÓNICO AS LINGUAS DE ESPAÑA, COMPARANDO EN VARIOS TEXTOS OS SEUS TRAZOS DIFERENCIAIS	
1º-4º DE ESO		
COMPRESIÓN	FONÉTICA E PREXUÍZOS_Valorar as producións emitidas cunha fonética galega correcta e actitude crítica ante os prexuizos que se poidan asociar a ela.	
	VALORAR LINGUAS_Valorar as linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo.	
	<b>VALORAR PLURILINGÜISMO_Valorar positivamente o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.</b>	
	<b>PROXECTOS PLURILINGÜES_Participar en proxectos (elaboración de materiais multime-</b>	



	<b>dia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.</b>	
		COÑECER A LUSOFONÍA_Coñecer a lusofonía e achegarse ás culturas que a integran.
	SITUACIÓN COMUNICATIVA_COÑECE OS ELEMENTOS DA SITUACIÓN COMUNICATIVA QUE DETERMINAN OS USOS LINGÜÍSTICOS (TEMA, PROPÓSITO, DESTINATARIO, XÉNERO TEXTUAL)	
	IDENTIFICAR PREXUÍZOS LINGÜÍSTICOS_Identificar os prexuizos lingüísticos e analizar a situación persoal en relación a eles.	
INTERACCIÓN		COÑECER E POSICIONARSE EN DNLG_Coñecer as principais iniciativas normalizadoras no ámbito educativo, adquirir vínculos positivos cara ao uso do galego e asumir a importancia da contribución individual no desenvolvemento da lingua galega.
3º-4º DE ESO		
COMPRESIÓN		ANÁLISE SOCIOLINGÜÍSTICA GALICIA_Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia atendendo á presenza da lingua galega nos principais ámbitos e con-



		textos sociais e privados así como ás tenden- cias de evolución.
4º DE ESO		
COMPRESIÓN	VARIETADES DA LINGUA_ Recoñecer e valorar os principais fenómenos que caracterizan as va- riedades xeográficas, diastráticas e diafásicas da lingua galega e da castelá e da función da lingua es- tándar.	
		LUSOFONÍA S.XXI_ Coñecer e describir o papel da lusofonía nas linguas do mundo no século XXI.
		FORMACIÓN DA LINGUA 1916-_ Recoñe- cer os principais elementos de evolución da lingua galega, así como identificar as causas e consecuencias dos feitos máis relevantes da súa historia social, e sinalar as distintas etapas desde 1916.
EXPRESIÓN	UTILIZA REXISTROS_ VALORA A IMPORTANCIA DE UTILIZAR E UTILIZA O REXISTRO ADECUADO A CADA SITUACIÓN COMUNICATIVA	



**ANEXO III**  
**TÁBOAS PARA A INTEGRACIÓN DIDÁCTICA DAS LINGUAS ESTRANXEIRAS**

**PRIMARIA (LE1)**

**Comunicación Oral**

<i>Comprensión de textos orais</i>
Comprender o sentido xeral de textos orais propios da súa idade emitidos con ritmo discursivo lento, con claridade e de viva voz ou por medios técnicos que non distorsionen a percepción da mensaxe, con apoio visual redundante que axude á comprensión.
Comprender preguntas e informacións relativas á información persoal (en función da idade), así como instrucións e peticións relativas ao comportamento na aula.
Facer hipótesis sobre o posible sentido dun texto apoiándose en elementos paraverbais e situación de comunicación familiares.
Discriminar patróns sonoros, rítmicos e de entoación básicos nos diferentes contextos comunicativos de forma significativa.
Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e a información máis relevante do texto. (3º - 6º)
<i>Producción de textos orais</i>





Falar de si mesmo e de persoas da súa contorna inmediata, de lugares e obxectos.

Participar activamente de maneira simple e comprensible en conversas que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou sobre temas familiares.

Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de acentuación básicos e de uso diario.

Expresar os seus gustos e intereses, usando expresións e frases sinxelas e de uso frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos. (3º - 6º)

Interactuar en situación reais ou simuladas sinxelas de comunicación sobre temas do seu interese, sobre persoas da súa contorna inmediata, usando expresións e frases feitas de uso frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos (and, or, then, but). (4º - 6º)

## Comunicación Escrita

### *Comprensión de textos escritos*

Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos breves, sinxelos e elementais nos que o tema tratado e o tipo de texto resulten familiares, e conteñan apoio visual en soporte papel ou dixital.

Utilizar as estratexias básicas de hipótese para a comprensión do sentido xeral e a identificación da información esencial do texto.

Discriminar patróns gráficos e recoñecer os significados e intencións comunicativas básicas.



Ler en voz alta textos breves, elementais e previamente traballados oralmente, amosando unha entoación e pronuncia adecuadas.

Recoñecer os signos ortográficos básicos (punto e coma), así como os símbolos de uso frecuente e identificar os significados e intencións comunicativas xerais relacionados con estes. (5º - 6º)

***Producción de textos escritos***

Escribir textos curtos e sinxelos, seguindo modelos, compostos de frases simples illadas, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas máis elementais e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situación familiares e predecibles.

Utilizar as estratexias básicas máis adecuadas para a produción de textos escritos sinxelos e elementais.

Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección palabras e frases que utiliza normalmente ao falar.

Iniciarse no uso de ferramentas informáticas para completar actividades predeseñadas polo persoal docente. (3º - 6º)



### **Educación Literaria**

Biblioteca de aula e outros materiais de consulta para a elaboración de textos.
Usar o dicionario bilingüe. (4º - 6º)
Lectura obrigatoria dun libro de texto adaptado ao nivel. Lectura en voz alta na clase despois de escoitar o texto e traballar actividades de comprensión de cada capítulo feito con preguntas / respostas. (1º - 6º)
Buscar vocabulario dos libros de lectura no dicionario bilingüe. (4º - 6º)
Lecturas libres: biblioteca de aula. Poden lerse na aula ou levar o libro para a casa.

### **Coñecemento da lingua**

O seu uso comunicativo.
Iniciar e rematar as interaccións adecuadamente.
Expresar nocións básicas e elementais relativas a tamaño, cantidade, posesión, número, calidades físicas, forma e cor.
Expresar e identificar estados de ánimo básicos.



Comprender e expresar o permiso, o acordo.

Expresar e identificar os seus gustos.

Recoñecer estruturas sintácticas básicas e os seus significados asociados.

Mostrar un control limitado dun conxunto de estruturas gramaticais sinxelas e de modelos de oracións e frases dentro dun repertorio memorizado.

Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en contextos comunicativos sinxelos.

Recoñecer e utilizar un repertorio limitado e moi elemental de léxico de alta frecuencia relativo a situación cotiá e temas habituais, moi familiares e concretos relacionados coas súas experiencias, necesidades e intereses.

Obter e dar información básica persoal, sobre a súa contorna máis inmediata e na situación de comunicación propia da aula.

Utilizar adecuadamente as estruturas morfosintácticas máis básicas e frecuentes para realizar as función comunicativas propias do seu nivel.

Utilizar estruturas sintácticas básicas (por ex. enlazar palabras ou grupos de palabras con conectores elementais), adecuándoas aos propósitos comunicativos.

Comprender e expresar posesión. (2º - 6º)



Comparar aspectos básicos das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada. (2º - 6º)

Distinguir a función ou funcións comunicativas do texto e os seus exponentes máis habituais. (3º - 6º)

Iniciar e rematar as interaccións adecuadamente en situación reais ou simuladas en contextos menos dirixidos. (5º - 6º)

Obter e dar información persoal máis detallada, aparencia física, afeccións,... en situación comunicativas habituais dentro e fóra da aula. (5º - 6º)

Expresarse en tempo presente e pasado simple, afirmativa e negativa, 1º e 3º persoa,... (5º - 6º)

Descibirse fisicamente, achegando información complementaria, a si mesmo ou a outra persoa. (5º - 6º)

Cumprir a función comunicativa principal do texto (por ex. unha felicitación, un intercambio de información ou un ofrecemento), utilizando un repertorio limitado dos seus exponentes máis frecuentes e de patróns discursivos básicos (por ex. saúdos para inicio e peche en conversas ou en correspondencia, ou unha narración esquemática desenvolvida en puntos). (6º)

### **Lingua e sociedade**

Valorar as linguas estranxeiras como elemento de comunicación.

Identificar aspectos socioculturais básicos concretos e significativos e aplicar os coñecementos adquiridos sobre estes a unha comprensión adecuada do texto. (2º - 6º).



Amosar interese en participar en actividades individuais, así como respecto e cooperación nas situación de aprendizaxe en grupo. (2º - 6º)

Amosar curiosidade pola lingua e desexos de participar en actividades individuais ou colectivas que soliciten o seu uso comunicativo. (2º - 6º).

Identificar aspectos socioculturais básicos e significativos e aplicar progresivamente os coñecementos adquiridos sobre estes e unha comprensión adecuada do texto. (3º - 6º)

Comparar aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas. (4º - 6)

Amosar curiosidade pola lingua e a súa cultura. (5º - 6º)

Indagar a realidade plurilingüe e multicultural das familias e da súa contorna, e identificar semellanzas e diferenzas, evitando os estereotipos. (5º - 6º)

Establecer similitudes e diferenzas das linguas que hai na aula o una súa contorna máis próxima. (6º)

Valorar as linguas como un instrumento de comunicación, para aprender a acercarse a outras culturas, que hai diversidade de linguas e mostra respecto por todas. (6º)

Participar en proxectos nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais en actividades comúns de Centro e festividades.



## **SECUNDARIA (LE1 E LE2)**

### **1º ESO**

#### **Bloque 1. Comprensión de textos orais**

- Comprender preguntas e informacións sinxelas relativas a información persoal moi básica (nome, idade, gustos, etc.), así como instrucións e peticións elementais relativas ao comportamento na aula.
- Usar estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.
  - Comprender as informacións máis relevantes de mensaxes sinxelas sobre situacións habituais de comunicación.
  - Comprender o esencial en conversas breves relativas ao ámbito persoal, sempre que se fale con lentitude, articulando de forma clara e comprensible.

#### **Bloque 2. Producción de textos orais**

- Pronunciar de xeito intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.
- Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados.
- Intercambiar de xeito intelixible información sobre si mesmo/a e sobre accións (horarios, datas, cantidades) habituais da vida diaria.
- Dar e obter información sobre datos básicos.

#### **Bloque 3. Comprensión de textos escritos**

- Utilizar estratexias de lectura (elementos textuais e non textuais), identificando a información máis importante.



- Seguir e comprender instrucións básicas como avisos, obrigas e prohibicións.
- Comprender información relevante e previsible en textos breves e ben estruturados de situacións cotiás próximas.
- Comprender textos propios de situacións cotiás próximas.

#### **Bloque 4. Producción de textos escritos**

- Aplicar estratexias para producir textos a partir de modelos estruturados.
- Completar documentos básicos nos que se solicita información persoal.
- Escribir mensaxes sinxelas con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de inmediata necesidade.
- Producir textos curtos e sinxelos, cunha finalidade determinada propia da súa idade e do seu nivel escolar, e cun formato preestablecido, en soporte tanto impreso como dixital, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.

#### **Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia intercultural e plurilingüe**

- Pronunciar e entoar con comprensibilidade, aínda que teña que repetir varias veces para facerse entender.
- Utilizar para a comprensión e a produción de textos orais e escritos os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos a relacións interpersoais, comportamento e convencións sociais, respectando as normas de cortesía básicas nos contextos respectivos.
- Distinguir e levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, mediante os expoñentes básicos das devanditas funcións e os patróns discursivos de uso máis habitual, e utilizar un repertorio léxico suficiente para comunicar no seu nivel escolar.
- Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.





## 2º ESO

### **Bloque 1. Comprensión de textos orais**

- Comprender instrucións moi básicas pronunciadas lentamente e claramente.
- Usar estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: uso de elementos verbais e non verbais, e uso dos coñecementos previos sobre a situación que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto.
- Comprender o sentido global e as informacións específicas máis salientables de mensaxes orais sinxelas emitidas de viva voz e por medios técnicos sobre situacións habituais de comunicación, se se fala amodo e con claridade, sempre que se poida volver a escoitar o dito.
- Comprender o esencial en conversas sobre temas cotiáns habituais e de necesidade inmediata, relativas ao ámbito persoal e público, articulando de forma clara e comprensible, se poden escoitalas de novo ou solicitar que se repita ou se reformule o dito.

### **Bloque 2. Producción de textos orais**

- Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas básicas.
- Intercambiar información relativa a accións e nocións habituais da vida diaria.

### **Bloque 3. Comprensión de textos escritos**

- Utilizar estratexias de lectura, identificando a información máis importante.
- Comprender instrucións e consignas básicas, de estrutura moi sinxela e, especialmente, se contan con apoio visual.
- Comprender información relevante en textos breves e sinxelos.

### **Bloque 4. Producción de textos escritos**

- Aplicar estratexias para producir textos a partir de modelos estruturados.
- Completar documentos básicos nos que se solicite información persoal.



- Escribir mensaxes sinxelas con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de necesidade inmediata.
- Producir textos breves a partir de modelos sinxelos, en soporte tanto impreso como dixital, de maneira coidada e amosando interese pola presentación.

### **Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia intercultural e plurilingue**

- Pronunciar e entoar con razoable comprensibilidade, aínda que teña que repetir para se facer entender.
- Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas, tipográficas e de puntuación, con corrección suficiente para o seu nivel escolar.
- Utilizar para a comprensión e produción de textos orais e escritos os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos a relacións interpersoais, comportamento e convencións sociais, respectando as normas de cortesía máis básicas nos contextos respectivos.
- Utilizar as experiencias e coñecementos adquiridos en todas as linguas que coñece para establecer similitudes e diferenzas coa nova lingua.
- Participar en proxectos (elaboración de material multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares coo outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais).
- Distinguir e levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, mediante os expoñentes básicos de devanditas funcións e os patróns discursivos de uso máis habitual, e utilizar un repertorio léxico suficiente para comunicar no seu nivel escolar.

## **3º ESO**

### **Bloque 1. Comprensión de textos orais**

- Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, os puntos principais ou a información máis importante do texto.
- Identificar o sentido xeral e a información máis importante en textos orais breves pronunciados con lentitude e claridade, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e que versen sobre asuntos habituais en situacións cotiás ou sobre aspectos concretos de temas xerais ou do propio campo de interese nos ámbitos persoal, público e educativo, sempre que as condicións acústicas non distorsionen e se poida volver escoltar o dito.
- Comprender instrucións e indicacións breves e sinxelas, sempre que as condicións acústicas sexan boas e o son non estea distorsionado.
- Comprender o sentido xeral e a información específica predecible de conversas básicas sobre temas cotiás que se desenvolvan na súa presenza, nas que se describan, de xeito breve e sinxelo, persoas lugares e obxectos, e se narren acontecementos elementais e se poida solicitar que se repita o dito.



- Comprender textos breves e claros nos que se utilicen expresións sinxelas e habituais referidas a temas coñecidos persoais, educativos, ocupacionais ou do seu interese, sempre que se poida pedir que lle repita ou aclare.
- Comprender o sentido xeral de pasaxes gravadas cun léxico básico e con apoio de imaxes moi redundantes.

### **Bloque 2. Producción de textos orais**

- Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos breves e de estrutura moi simple e clara, utilizando, entre outros, procedementos como a adaptación da mensaxe aos recursos dos que se dispón, ou a reformulación ou explicación dos elementos.
- Intercambiar de xeito intelixible información sobre transaccións e xestións cotiás moi elementais, usando un repertorio básico de palabras e frases simples memorizadas, e facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que repita o dito ou interrompendo en ocasións o discurso para procurar expresións e reparar a comunicación.
- Interactuar de xeito simple en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou xestos simples para tomar ou manter a quenda de palabra, aínda que poidan darse desaxustes na adaptación ao interlocutor e se dependa en grande medida da actuación do interlocutor.
- Dar información sobre datos básicos persoais sempre que poida pedir que lle aclaren ou repitan o dito.

### **Bloque 3. Comprensión de textos escritos**

- Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas (identificación do tema dun texto coa axuda de elementos textuais e non textuais, uso dos coñecementos previos sobre o tema, inferencia de significados polo contexto, por comparación de palabras ou frases similares nas linguas que xa coñece, etc.), para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto.
- Identificar a idea xeral, os puntos máis relevantes e a información importante en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves e ben estruturados, escritos nun rexistro neutro ou informal, que traten de asuntos habituais en situacións cotiás, de aspectos concretos de tema de interese persoal ou educativo, e que conteñan estruturas sinxelas e un léxico de uso frecuente.
- Comprender, en notas persoais e anuncios públicos, mensaxes breves que conteñan información, instrucións e indicacións básicas relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá, expresados con estruturas sinxelas traballadas previamente.



#### **Bloque 4. Producción de textos escritos**

- Coñecer e aplicar estratexias adecuadas para elaborar textos escritos breves e de estrutura simple (por exemplo, copiando formatos, fórmulas e modelos convencionais propios de cada tipo de texto) e con axuda previa na aula.
  - Producir en papel ou en soporte electrónico textos breves e sinxelos e de estrutura clara a partir de formatos preestablecidos con información persoal ou sobre temas cotiáns e de necesidade inmediata.
  - Presentar os textos escritos de xeito coidado e valorando a importancia da presentación nas comunicacións escritas.

#### **Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia intercultural e plurilingüe**

- Pronunciar e entoar de xeito suficientemente claro e intelixible, aínda que resulte evidente o acento estranxeiro ou se cometan erros de pronunciación e as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións de cando en vez.
- Producir textos utilizando as convencións ortográficas, tipográficas e de puntuación con corrección suficiente en palabras e expresións habituais propias do seu nivel escolar.
- Utilizar para a comprensión e a produción de textos orais e escritos os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos a relacións interpersoais, comportamento e convencións sociais, respectando as normas de cortesía máis básicas nos contextos respectivos.
- Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases a partir das experiencias lingüísticas e os coñecementos adquiridos en todas as linguas que coñece, apreciando a riqueza persoal e social que proporciona ser unha persoa plurilingüe.
- Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados con elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.
- Distinguir e aplicar á comprensión e á produción do texto a fución ou funcións comunicativas máis relevantes do texto e un repertorio dos seus expoñentes máis comúns e de uso máis frecuente na comunicación oral e escrita, así como os seus significados asociados (por exemplo, estrutura interrogativa para facer unha suxestión), e patróns discursivos de uso frecuente relativos á organización textual (introdución do tema, desenvolvemento e cambio temático, e pechamento textual), sempre que sexan traballados na clase previamente.



## 4º ESO

### Bloque 1. Comprensión de textos orais

- Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto.
- Identificar a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais breves e claramente estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta ou media, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que versen sobre asuntos cotiáns en situacións habituais ou sobre temas xerais ou do propio campo de interese nos ámbitos persoal, público e educativo, sempre que exista apoio visual, as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito.
- Comprender información en situacións que impliquen a solicitude de información xeral (datos persoais básicos, lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades cotiás, etc.), sempre que se fale con lentitude e con claridade.
- Comprender o esencial en conversas sinxelas, básicas e breves sobre descrições, narracións, puntos de vista e opinións relativos a temas frecuentes e de necesidade inmediata relativas ao ámbito persoal, sempre que se fale con lentitude, articulando de forma clara e comprensible, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.

### Bloque 2. Producción de textos orais

- Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos breves e de estrutura simple e clara, explotando os recursos dos que se dispón e limitando a expresión a estes; utilizando, entre outros, procedementos como a adaptación da mensaxe a patróns da primeira lingua ou outras, ou o uso de elementos léxicos aproximados, se non se dispón doutros máis precisos, ou comenzando de novo cunha nova estratexia cando falla a comunicación.
- Pronunciar de xeito intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe, en cuxa articulación poden cometerse erros que non interrompan a comunicación.
- Intercambiar de xeito intelixible información sobre transaccións e xestións cotiás moi habituais, usando un repertorio básico de palabras e frases simples memorizadas, utilizando estratexias de cooperación na inteacción e facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se lle repita ou repetir o dito.



- Producir textos breves e comprensibles, tanto en conversa cara a cara como por teléfono ou por outros medios técnicos, nun rexistro neutro ou informal, cunha linguaxe sinxela.
- Dar, solicitar e intercambiar información sobre temas de importancia na vida cotiá e asuntos coñecidos ou de interese persoal, educativo ou ocupacional (datos persoais, formación, opinións, plans, intereses), e xustificar brevemente os motivos de determinadas accións e plans, aínda que ás veces haxa interrupcións ou vacilacións, resulten evidentes as pausas e a reformulación para organizar o discurso e seleccionar expresións e estruturas, e a persoa interlocutora teña que solicitar ás veces que se lle repita o dito.

### **Bloque 3. Comprensión de textos escritos**

- Utilizar estratexias de lectura (recurso ás imaxes, títulos e outras informacións visuais, e aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas.
- Seguir instrucións e consignas básicas sinxelas, referidas a necesidades inmediatas, e con apoio visual.
- Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e detalles importantes en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves e ben estruturados, escritos nun rexistro formal ou neutro, que traten de asuntos cotiáns, de temas de interese ou relevantes para os propios estudos e as ocupacións, e que conteñan estruturas sinxelas e un léxico de uso común.

### **Bloque 4. Producción de textos escritos**

- Aplicar estratexias básicas máis adecuadas para producir textos escritos breves ou de media lonxitude (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final), a partir de modelos ben estruturados e traballados previamente.
- Producir textos curtos a partir de modelos sinxelos e presentalos de xeito coidado (con atención ás marxes, riscaduras, liñas dereitas, letra clara, letras maiúsculas e minúsculas cando corresponda, etc), actuando como mediación lingüística, de ser o caso (adequado ao seu nivel escolar), e amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.



- Escribir, en papel ou en soporte electrónico, textos breves, sinxelos, coherentes e de estrutura clara sobre temas cotiáns ou do propio interese, nun rexistro formal ou neutro, utilizando adecuadamente os recursos básicos de cohesión, as convencións ortográficas básicas e os signos de puntuación máis comúns, cun control razoable de expresións e estruturas sinxelas e un léxico de uso frecuente.

### **Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia intercultural e plurilingüe**

- Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis común, recoñecendo os seus significados e as súas intencións comunicativas xerais relacionados con eles, e pronunciar e entoar de xeito claro e intelixible con razoable comprensibilidade, malia o acento estranxeiro moi evidente ou erros de pronuncia que non interrompan a comunicación, e que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións de cando en vez.
- Recoñecer e utilizar as principais convencións ortográficas, tipográficas e de puntuación, así como abreviaturas e símbolos de uso común, e os seus significados asociados, con corrección suficiente para o seu nivel escolar.
- Coñecer e utilizar para a comprensión e a produción de textos orais e escritos os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos á vida cotiá (hábitos de estudo e de traballo, actividades de lecer, incluídas manifestacións artísticas como a música ou o cine), condicións de vida e contorno (hábitat e estrutura socioeconómica), relacións interpersoais (entre homes e mulleres, no traballo, no centro docente, nas institucións, etc.), e convencións sociais (costumes e tradicións), respectando as normas de cortesía e máis básicas nos contextos respectivos.
- Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.
- Distinguir e levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, mediante os expoñentes básicos de devanditas funcións e os patróns discursivos de uso máis habitual, así como os seus significados asociados (por exemplo, utilizar unha estrutura interrogativa para facer unha suxestión); utilizar un repertorio léxico suficiente para comunicar no seu nivel escolar, e empregar para comunicarse mecanismos sinxelos bastante axustados ao contexto e á intención comunicativa (repetición léxica, elipse, deíxe persoal, espacial e temporal, xustaposición, e conectores e marcadores discursivos moi frecuentes), sempre que sexan traballados na clase previamente.



## **COINCIDENCIA DE CRITERIOS ENTRE 1º ESO / 2º ESO**

### **Bloque 1. Comprensión de textos orais**

- Comprender preguntas e informacións sinxelas, así como instrucións elementais.
- Usar estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto con axuda de elementos verbais e non verbais, e uso dos coñecementos previos sobre a situación que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto.
- Comprender as informacións máis relevantes de mensaxes sinxelas sobre situacións habituais de comunicación.
- Comprender o esencial en conversas breves relativas ao ámbito persoal, sempre que se fale con lentitude, articulando de forma clara e comprensible.

### **Bloque 2. Producción de textos orais**

- Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados.
- Intercambiar de xeito intelixible información sobre accións habituais da vida diaria.

### **Bloque 3. Comprensión de textos escritos**

- Utilizar estratexias de lectura, identificando a información máis importante.
- Comprender instrucións básicas.
- Comprender información relevante en textos breves e sinxelos.

### **Bloque 4. Producción de textos escritos**

- Aplicar estratexias para producir textos a partir de modelos estruturados.
- Completar documentos básicos nos que se solicita información persoal.





- Escribir mensaxes sinxelas con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de inmediata necesidade.

### **Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia intercultural e plurilingüe**

- Pronunciar e entoar con comprensibilidade, aínda que teña que repetir varias veces para facerse entender.
- Utilizar para a comprensión e a produción de textos orais e escritos os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos a relacións interpersoais, comportamento e convencións sociais, respectando as normas de cortesía básicas nos contextos respectivos.
- Distinguir e levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, mediante os expoñentes básicos das devanditas funcións e os patróns discursivos de uso máis habitual, e utilizar un repertorio léxico suficiente para comunicar no seu nivel escolar.
- Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais).

## **COINCIDENCIA DE CRITERIOS ENTRE 3ºESO / 4ºESO**

### **Bloque 1. Comprensión de textos orais**

- Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, os puntos principais ou a información máis importante do texto.
- Identificar o sentido xeral e a información máis importante en textos orais breves pronunciados con lentitude e claridade, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e que versen sobre asuntos habituais en situacións cotiás ou sobre aspectos concretos de temas xerais ou do propio campo de interese nos ámbitos persoal, público e educativo, sempre que as condicións acústicas non distorsionen e se poida volver escoltar o dito.

### **Bloque 2. Producción de textos orais**

- Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos breves e de estrutura moi simple e clara, utilizando, entre outros, procedementos como a adaptación da mensaxe aos recursos dos que se dispón, ou a reformulación ou explicación dos elementos.



